



Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática

Calle Miguel Ángel, 21

28071 Madrid

## INFORMACIÓN PARA O CATÁLOGO DE ELEMENTOS CONTRARIOS Á MEMORIA DEMOCRÁTICA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (38)

(Artigo 36.2 da Lei de Memoria Democrática)

**MANUEL MONGE GONZÁLEZ**, con DNI [REDACTED] enderezo en rúa [REDACTED]  
[REDACTED] A Coruña, correo electrónico manolomongegonzalez@gmail.com e teléfono [REDACTED],

Presenta este catálogo de 38 elementos contrarios á memoria democrática na Deputación da Coruña en aplicación do que sinala o artigo 36.1 da Lei de Memoria Democrática (LMD): "A Administración Xeral do Estado confeccionará en colaboración co resto das administración públicas un catálogo de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática, incorporándose ao mesmo en todo caso os datos subministrados polas comunidades autónomas, e conterá a relación de elementos que deban ser retirados ou eliminados, nos termos do artigo 35". Por outra parte, o artigo 36.2 sinala: "**Poderán incluírse no mesmo aqueles elementos que se soliciten polas vítimas, os seus familiares** ou as entidades memorialistas, en defensa de seu dereito ao honor e a dignidade, ou resulten de **estudos e traballos de investigación**."

Presento este catálogo en calidade de **vítima do franquismo por partida dobre**. A nivel persoal porque en 1968 estiven mes e medio no cárcere de Basauri (Vizcaya) onde coincidín con presos políticos, entre outros, con Nicolás Redondo, dirixente da UXT, e o pintor Agustín Ibarrola. En decembro de 1973 estiven dous meses no cárcere da Coruña coincidindo co *Proceso 1.001* contra

dirixentes de CCOO. Pasei dúas veces pola Comisaría da Coruña. Fun despedido na ditadura do Colexio Tirso de Molina de Ferrol en 1973 “por faltas inxustificadas ao traballo” (estaba no cárcere) e despedido en 1974 do colexio público Ibáñez Martín de Ferrol “por orden gubernativa”. E a nivel familiar porque nun pobo como Dueñas (Palencia) de 3.000 habitantes, onde vivían meus país, foron asasinadas 125 persoas (25 delas mulleres) polo fascismo, despois da sublevación do 18 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República. Entre esas vítimas había, polo menos, catro persoas da miña familia.

Como membro da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) e como sociólogo teño publicado **traballos de investigación** como o libro “Os restos do franquismo en Galiza. Exaltación, honras, privilexios e distincións a golpistas, franquistas e criminais” (*Edicións Laiovento* 2020).

A Deputación da Coruña, que preside Valentín González Formoso, que é tamén Secretario Xeral do PSde G-PSOE, aínda conserva 38 elementos contrarios á memoria democrática após 17 anos da aprobación en 2007 da Lei de Memoria Histórica e dezasete meses da aprobación da Lei de Memoria Democrática (LMD).

Por outra parte, na provincia da Coruña existen 534 elementos contrarios á memoria democrática en 40 concellos. Considero que **esta situación é unha ilegalidade, unha vergoña para a Deputación da Coruña, un desprestixio das institucións democráticas e unha ofensa e humillacións para as vítimas do franquismo.**

## **A DEPUTACIÓN DA CORUÑA COÑECE O INCUMPRIMENTO DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA DE 2007 E DA LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA DE 2022**

**27 de decembro de 2018.** Como sociólogo e investigador dos restos do franquismo enviei un escrito de 28 páxinas, polo rexistro, a Valentín González Formoso, como presidente da Deputación da Coruña, que incluía unha relación da simboloxía franquista, unha xustificación para a súa eliminación, unha referencia de iniciativas que tomaron outras deputacións e concellos do Estado para eliminar eses restos do franquismo, así como algunhas propostas de actuación en cumprimento dos acordos plenarios da Deputación da Coruña.

**13 de novembro de 2019.** Como membro do colectivo de presas e presos políticos/as de Galiza na ditadura, entregaba outro escrito de 40 páxinas, por rexistro, para Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, que contiña esta información:

O manifesto **NON QUEREMOS O “CAMARADA FRAGA” COMO FILLO ADOPTIVO**, promovido por 44 presas e presos políticos de Galiza na ditadura, presentado en decembro de 2018, era apoiado por 56 entidades e 63 historiadoras/es de Galiza.

O Pleno de Ferrol de 25 de abril de 2019 aprobaba (votos a favor do PSOE, Ferrol en Común e BNG) unha moción para retirar a Manuel Fraga Iribarne a distinción de Fillo Adoptivo –concedida en 1965, cando era ministro da ditadura– e eliminar toda a simboloxía franquista que está pendente. Sabemos

que a Deputación da Coruña aínda conserva a distinción de Fillo Adoptiva a Manuel Fraga Iribarne, concedida na ditadura en 1965.

Ofrecemos a nosa colaboración para participar, como presas e presos políticos na ditadura, en calquera Comisión ou organismo que se puidese constituír para a eliminación da simboloxía do franquismo porque o noso colectivo é o máis interesado en acabar cos retos do franquismo a través da aplicación da Lei de Memoria Histórica.

Neste escrito sinalaba que, como un dos primeiros resultados do acordo plenario de 29 de marzo de 2019, foi retirado o retrato do xeneral golpista Severiano Martínez Anido, que estaba na 2º planta do palacio provincial (obra realizada en 1928 polo pintor Fernando Álvarez de Sotomayor). E lembraba que no traballo pola recuperación da Memoria Histórica a Deputación da Coruña tomou algunhas iniciativas como a condena do golpe de Estado de 1936 e da ditadura, retirar as distincións a Francisco Franco Bahamonde etc. tomados no Pleno de 29-7-2016. Publicación do libro *Xeración Perdida Coruña 36*, sobre a represión de cargos institucionais en todos os concellos. Homenaxe ás vítimas, Constitución da Xunta por Devolución do Pazo de Meirás, un acto no Teatro Colón o 4 de decembro de 2018 etc.

O escrito recollía en 26 páxinas información que xustificaba a retirada de retratos de presidentes da deputación, así como das distincións honoríficas.

**8 de maio de 2023.** Xa aprobada a Lei de Memoria Democrática, entregaba un terceiro escrito, tamén por rexistro, para Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, lembrando o incumprimento por parte da Deputación da Coruña dos acordos tomados pola Deputación, Parlamento Galego e da propia Lei de Memoria Democrática, así como a relación dos 38 elementos contrarios á memoria democrática, que dependen da Deputación da Coruña. Ese escrito acababa así: “Solicita: Que antes das eleccións municipais do 28 de maio de 2023 manifeste como presidente o compromiso político de eliminar 38 símbolos franquistas das Deputación da Coruña antes de acabar 2023. Adianto que, no caso de non ser atendida esta petición, enviarei escrito ao Ministerio de Presidencia Relacións coas Cortes e Memoria Democrática para que a sinalada simboloxía franquista de Deputación da Coruña sexa incorporada ao catálogo de símbolos e elementos contrarios á memoria democrática, como establece o artigo 36 da Lei de Memoria Democrática”.

## **A DEPUTACIÓN DA CORUÑA NON EXECUTA OS ACORDOS PLENARIOS**

O Pleno da Deputación da Coruña de **29 de xullo de 2016** sentaba as bases para acabar coa simboloxía franquista e sinalaba nun acordo, aprobado por **unanimidade**: “A importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida despois do golpe militar de 1936, **eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos**”.

O Pleno de **26 de outubro de 2018** aprobaba, sen ningún voto en contra, as seguintes medidas: “Instar os concellos da provincia ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica, eliminando os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións etc),

distincións, nomeamentos, **títulos honoríficos e honores a golpistas, franquistas** e demais formas de exaltación e enaltecemento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o réxime ditatorial”.

Os grupos da Deputación da Coruña (PSdG-PSOE, Partido Popular, Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica,), aprobaban no Pleno de **29 de marzo de 2019 por unanimidade** esta “Declaración institucional sobre a retirada de honras e distincións a persoas vencelladas ao levantamento militar de 1936 e ao franquismo”:

Dando continuidade á Declaración Institucional do pleno da Deputación da Coruña do 29 de xullo de 2016 sobre a retirada dos títulos honoríficos e distincións concedidas por esta institución a Francisco Franco Baamonde e dando igualmente cumprimento á lei da memoria histórica 52/2007, de 26 de decembro, **a Deputación da Coruña declara a vontade de revocar todas as honras e distincións concedidas pola Deputación provincial da Coruña a persoas vencelladas con feitos e prácticas represivas realizadas durante o golpe de Estado de xullo de 1936 e a ditadura franquista**, así como á retirada de simboloxía propia dese réxime antidemocrático nos edificios pertencentes á institución provincial.

Ante esta situación, todos os grupos políticos que compoñen a Corporación da Deputación Provincial da Coruña acordan: 1. Proceder ao longo de 2019 a aprobar un novo Regulamento de Honras e Distincións. 2. Elaborar un catálogo de honras, distincións e simboloxía franquista. 3. Incoar o correspondente expediente, seguindo os procedementos oportunos para invalidar todas as distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e demais formas de exaltación de persoas vencellas ao levantamento militar do 36 e á represión da ditadura, así como para eliminar a simboloxía franquista nos edificios pertencentes á institución provincial”

## **A DEPUTACIÓN DA CORUÑA NON EXECUTA OS ACORDOS DO PARLAMENTO GALEGO**

**26 de marzo de 2008.** Aprobación dunha Proposición non de Lei, instando á Xunta a “eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes de edificios que fan **referencia a persoeiros representantes ou partidarios da ditadura franquista**”.

**7 de outubro de 2008.** O Debate anual do Parlamento Galego aprobaba por **unanimidade** esta Resolución: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

18 de xullo de 2016. O Parlamento Galego aprobaba, por **unanimidade**, unha declaración institucional de “condena do golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, o réxime ditatorial consecuencia dese golpe de Estado e os crimes e represión exercidas sobre as persoas vencidas”. **“Eliminar os símbolos, as denominacións e referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.**

## **A DEPUTACIÓN DA CORUÑA INCUMPRE A LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA**

Artigo 35.1 da Lei de Memoria Democrática (LMD): “Considéranse **elementos contrarios á memoria democrática** as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en **exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo** ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial” [División Azul]. Pero a Deputación da Coruña mantén honras e distincións a presidentes da deputación, ministros da ditadura, golpistas e participantes na represión

O artigo 40 da LMD sobre revisión de recoñecementos, honores e distincións, sinala: “As administracións públicas adoptarán as medidas oportunas para revisar de oficio ou retirar a concesións de recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que resulten manifestamente incompatíbeis cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enaltecemento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura ou que houbesen sido concedidas con motivo de haber formado parte do aparato represivo da ditadura franquista”.

Artigo 1.1 da LMD: “A presente lei ten por **obxecto** a recuperación, salvagarda e difusión da memoria democrática, entendida como coñecemento da reivindicación e **defensa dos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais**”.

E o artigo 41.1 da LMD, “en atención ao obxecto desta lei”, **retira os títulos nobiliarios**, concedidos na ditadura, de “Grandeza de España a don **Fernando Suárez de Tangil y de Angulo**” (1952), e o título de Conde de Fenosa a **Pedro Barrié de la Maza** (1971). Pero a Deputación da Coruña mantén a distinción de Fillo Adoptivo da provincia a Suárez de Tangil e a Medalla de Ouro a Pedro Barrié.

## **A DEPUTACIÓN DA CORUÑA NON TEN EN CONTA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO, ORDE DA MINISTRA DE DEFENSA, RESOLUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO ESTADO E CONVENCIÓN MUNICIPAL DO PSOE**

**A sentenza do Tribunal Supremo (TS)** sobre o **alcance e significado do concepto de exaltación**, axuda a establecer os criterios para a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Esa sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022, sobre a retirada en Madrid da rúa do Xeneral Asensio Cabanillas, que marca xurisprudencia, resolve que para retirar unha rúa ou distinción dunha persoa non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na lei: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles.

**A Orde da Ministra de Defensa** de decembro de 2009 referíase á **retirada de nomes de “militares e accións de guerra”**. Cambiaba, entre outras, o nome da Academia General Básica de Suboficiales de Talam (Lleida) que levaba o nome de General Martín Alonso, militar golpista e ministro do Exército. Cambiaba a denominación de rúas en instalacións militares dedicadas a

accións de guerra como Castillo de Olite (buque sublevado) e de militares golpistas como o “heroico” General Moscardó, General Yagüe e General Varela. Pero a Deputación da Coruña mantén desde 1937 a distinción de Fillo Adoptivo e Predilecto da Coruña a Martín Alonso.

**A Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado** constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”. E en aplicación da Lei da Memoria Histórica, aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos **vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura franquista** dos centros docentes. Pero a Deputación da Coruña mantén dous centros de ensino dependentes da deputación co nome de presidentes na ditadura: Rafael Puga e Emilio Romay.

Cando o Congreso aprobaba unha Proposición non de Lei o 3 de novembro de 2004 sobre a retirada dos símbolos da Ditadura franquista dos edificios públicos do Estado, o deputado socialista Carlos González Serna manifestaba no debate: “En una democracia madura, como la nuestra, no se puede permitir que haya niños y niñas que acudan a diario a centros educativos que llevan por nombre el del Dictador o el de alguno de sus colaboradores”.

**A Convención Municipal do PSOE**, celebrada en Valencia en abril de 2023, na que Valentín González Formoso participaba, como candidato á alcaldía de As Pontes e como Secretario Xeneral do PSdeG, aprobaba un programa marco para as eleccións municipais de 28 de maio de 2023, que concretaba medidas para a eliminación da simboloxía franquista. Como publicaron os medios de comunicación, o PSOE impulsará a eliminación de vestixios que exalten o golpe, a ditadura ou enaltezan aos seus protagonistas con especial atención ao rueiro, as denominacións de centros públicos, así como a concesión de recoñecementos, honores e distincións aos mesmos. Se o artigo 1.3 da LMD declara “ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada co golpe militar de 18 de xullo de 1936”, entendo que, ademais dos participantes no golpe e na represión, son tamén unha exaltación da ditadura a permanencia de rúas, retratos e distincións a cargos públicos e dirixentes da ditadura, como ministros, alcaldes, gobernadores civís, presidentes de deputacións, procuradores na Cortes franquistas, etc., todos eles ilegais.

## **ELEMENTOS CONTRARIOS Á LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA QUE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA DEBERÍA RETIRAR**

Tendo en conta o citado artigo 35.1 da LMD, estes serían os elementos contrarios á memoria democrática que debería retirar a Deputación da Coruña:

### **SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (38)**

#### **A. RETRATOS DE PRESIDENTES NO SALÓN DE PLENOS (7)**

**1497 Juan José Barcia Goyanes.** (29-10-1938 a 28-10-1939). Autor do retrato: “A. Carpo 2007” (Alberto Álvarez Martín)

**49 Emilio Romay Montoto.** (1929-1930 e 1939-1950). Autor: Luis Mosquera 1951.

**715 Diego Delicado Marañón.** (1950-1961). Rogelio Puente 1990.

**714 Rafel Puga Ramón.** (1961-1970). Rogelio Puente 1990.

**544 Ángel Porto Anido.** (1970-1974). “Toledano 1977” (Ángel Toledano).

**144 Lino Rodríguez Madero.** (1974-1977). “Argüelles 1983” (Julio Argüelles”).

**709 Manuel Fraga Solar** (1977-1979). Rogelio Puente 1990.

## **B. DISTINCIÓNS HONORÍFICAS (28)**

### **Fillos adoptivos (17)**

Enrique Cánovas Lacruz (5-1-1937). Golpista, xefe da guarnición que se subleva na Coruña.

Florentino González Vallés (5-1-1937). Golpista, tenente coronel da Garda Civil e Gobernador.

Luís Tovar Alonso (5-1-1937). Golpista. Tenente Coronel e Xefe de Estado Maior Provisional.

Pablo Martín Alonso (5-1-1937). Golpista, coronel do Rexemento Zamora, ministro do Exército.

José Antonio Girón de Velasco (25-9-1950). Falanxista, ministro de Traballo na ditadura.

Rafael Hierro Martínez (24-3-1951). Gobernador Civil e Director Xeral de Seguridade

Diego Salas Pombo. (29-8-1951). Falanxista, Gobernador, procurador nas Cortes franquistas.

Fernando Suárez de Tangil (25-5-1952). Vicepresidente das Cortes, ministro na ditadura.

Antonio Pedrosa Latas (27-6-1953). Falanxista, participou na represión.

Francisco Delgado Serrano (28-7-1953). Golpista, Capitán Xeral de Galiza na ditadura.

José Manuel Pardo Santayana (27-11-1953). Falanxista, Gobernador Civil da Coruña.

Cirilo Cánovas García (26-10-1959). Falanxista, ministro de Agricultura na ditadura.

Fermín Gutiérrez de Soto (27-2-1960). Golpista, Capitán Xeral de Galiza na ditadura.

Cristóbal Graciá Martínez (29-8-1960). Falanxista, Gobernador Civil da Coruña.

Manuel Fraga Iribarne (27-11-1965). Ministro de Información e Turismo na Ditadura.

Laureano López Rodó (27-11-1965). Ministro de Planificación e Desenvolvemento na ditadura.

Gonzalo Fernández de la Mora y Mon (19-5-1973). Ministro de Obras Públicas na ditadura.

### **Fillos predilectos (7)**

Emilio Romay Montoto (10-2-1950). Presidente da Deputación na ditadura.

Constantino Lobo Montero (27-3-1951). Militar, participou na sublevación de 1936.

Salvador Moreno Fernández (29-8-1951). Golpista, Almirante da Armada. Ministro.

José María Rivero de Aguilar Otero (28-12-1951). Militar golpista.

José Fariña Ferreiro (27-6-1953). Fascista, enlace dos golpistas cos sublevados de Andalucía.

Francisco Núñez Rodríguez (28-11-1968). Militar golpista.

Enrique Salgado Torres (30-7-1970). Falanxista, participou na represión.

### **Medalla de Ouro (3)**

Evaristo Martín Freire (26-3-1966). Falanxista, golpista, Gobernador Civil da Coruña.

Pedro Barrié de la Maza (17-5-1971). Financiou o exército sublevado en 1936, participou na depuración do persoal do Banco Pastor, promotor do espolio do pazo de Meirás e Casa Cornide para beneficiar á familia do ditador Franco.

Enrique Salgado Torres (1963).

### **Medalla de Prata (1)**

Javier Pardo Bedia (12-7-1969). Vicepresidente da Deputación.

## **C. CENTROS DE ENSINO (2)**

### **IES Rafael Puga Ramón**

### **Fogar Infantil Emilio Romay**

**D. PLACAS (1): “Polideportivo Calvo Sotelo”** no vello IES Calvo Sotelo.

## **INICIATIVAS DOUTRAS INSTITUCIÓNS PARA RETIRAR OS RESTOS DO FRANQUISMO**

### **Presidentes da Deputación**

No salón de sesións da Deputación da Coruña están os retratos de sete presidentes da Deputación na ditadura (**Juan José Barcia Goyanes, Emilio Romay Montoto, Diego Delicado Marañón, Rafael Puga Ramón, Ángel Porto Anido, Lino Rodríguez Madero e Manuel Fraga Solar**), xuntamente cos elixidos democraticamente e sen ningún tipo de diferenciación. A Deputación de Lugo (gobierno PSOE-BNG) xa retirou os retratos dos presidentes da Deputación na ditadura da sala de sesións.

Ademais, Emilio Romay Montoto, presidente da Deputación da Coruña, é Fillo Predilecto da provincia. **Javier Pardo Bedía**, vicepresidente da Deputación da Coruña na ditadura, ten a distinción de Medalla de Prata da provincia. Rafael Puga Ramón, presidente da Deputación da



Coruña na ditadura, ten unha rúa en O Barqueiro. A deputación non ten a competencia para retirar esa rúa, pero si podería aprobar pedir ao concello de Mañón a súa retirada.

Por outra parte, numerosos concellos retiran as rúas de presidentes das deputacións. Así, o concello de Sevilla, alcaldía do PSOE, acordaba en 2008 eliminar a rúa Benjamín Burín, presidente da Deputación de Sevilla na ditadura e despois ministro de Agricultura. O concello de Cádiz retiraba a rúa Gabriel Matute , presidente da Deputación de Cádiz en 1936, cos votos a favor de Adelante Cádiz e PSOE.

### **Militares golpistas**

Os catro militares, principais responsábeis da organización na Coruña do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, son Fillos Predilectos e Adoptivos da provincia da Coruña. Sen dúbida algunha é o caso máis ilegal e vergoñento porque manteñen hoxe esas distincións, concedidas o 5 de xaneiro de 1937, con esta argumentación, como recolle a acta:

Todos cuantos hemos presenciado como surgió y se ha desarrollado en La Coruña el movimiento salvador de la Patria, sabemos cuan grande es la deuda de gratitud y de admiración contraída por quienes amamos a España por encima de todas las cosas y tenemos nuestra vida material y espiritualmente arraigada en La Coruña, con los ínclitos mantenedores del orden, de la Ley, de la seguridad general, de la civilización, en suma, que, en nombre de las sagradas ideas de Dios y de Patria, supieron organizar y dejar victoriosa la resistencia contra la barbarie que amenazó a esta bella ciudad en los inolvidables días que siguieron al diociocho de julio... Que se declare por esta Excma. Corporación que los Excmos. Sres. D. Enrique Cánovas, Gobernador militar, D. Luis Tovar, Jefe del Estado Mayor, D. Pablo Martín Alonso, Coronel del Regimiento de Zamora número ocho y D. Florentino González Vallés, ex-Gobernador civil de La Coruña, son merecedores de pública admiración y gratitud por su actuación al frente del movimiento patriótico en La Coruña y que, en prueba de ello, la Diputación, haciéndose intérprete de un sentir general, nombre a dichos señores hijos adoptivos y predilectos de la provincia de La Coruña”

Estes catro militares exemplifican a criminal represión, cometeron crimes contra a humanidade e a pervivencia das distincións é un claro incumprimento da Lei de Memoria Democrática.

O xeneral golpista **Enrique Cánovas Lacruz** é Fillo Adoptivo e Predilecto da provincia da Coruña, cando o concello da Coruña (gobierno PSOE-BNG) xa eliminou en 2009 o nome da praza deste golpista e retiroulle a distinción de Fillo Adoptivo. Son tamén Fillos Adoptivos da provincia numerosos militares golpistas: **Florentino González Vallés**, **Luis Tovar Alonso** e **Pablo Martín Alonso** (ministro na ditadura); **Francisco Delgado Serrano** e **Fermín Gutiérrez de Soto** ocuparon a Capitanía Xeral de Galiza na ditadura e no concello da Coruña xa retiraron a estes dous últimos xenerais as distincións honoríficas. Tamén conservan a distinción de Fillo Predilecto o golpista **José María Rivero de Aguilar Otero** e **Francisco Núñez Rodríguez**, Capitán Xeral de Ferrol. A Deputación de Barcelona retiraba o 30 de xuño de 2016 a Medalla de Ouro a dous golpistas: Capitán Xeral José Moscardó Ituarte e Capitán Xeral Agustín Muñoz Grandes. O concello de Cádiz, votos a favor de Adelante Cádiz e PSOE, retiraba en decembro de 2021 as rúas de militares golpistas: General García Escámez, Almirante Vierna, Carlos Haya, Ramón Franco, García Morato; ou relacionadas coa sublevación fascista de 1936 como Ejército de África.

## Gobernadores civís e militares

Un numeroso grupo de gobernadores civís na ditadura reciben as distincións de Fillo Adoptivo, Fillo Predilecto ou Medalla de Ouro da provincia da Coruña: **Rafael Hierro Martínez**, Fillo Adoptivo (xa retiraron a distinción na Coruña); **José Manuel Pardo Santayana**, Fillo Adoptivo; **Cristobal Graciá Martínez**, Fillo Adoptivo; **Diego Salas Pombo**, Fillo Adoptivo (o concello de Valencia, con goberno Compromís-PSOE, retiroulle a Medalla de Ouro); **Evaristo Martín Freire**, Medalla de Ouro. A Deputación de Valencia (goberno de PSOE e Compromís) retiraba a Medalla de Ouro da provincia o 18 de xullo de 2016 a dous gobernadores na ditadura: Jesús Posada Cacho, Gobernador Civil de Valencia entre 1960 e 1962 (pai do ex-presidente do Congreso Jesús Posada) e a Antonio Rueda y Sánchez-Malo Gobernador Civil de Valencia entre 1962 e 1973. Madrid tamén eliminou a avenida Conde de Mayalde (José María Finat y Escrivá de Romaní), que fora Gobernador Civil de Madrid. O concello de Cádiz, votos a favor de Adelante Cádiz e PSOE, retiraba a rúa Julio Rico Sanz, gobernador civil de Cádiz (1968-1969). O xeneral **Constantino Lobo** foi gobernador militar de Ferrol, é Fillo Predilecto da provincia, pero As Pontes (alcaldía de Valentín González Formoso), xa retirou a este golpista a Medalla de Prata en 2009.

## Ministros dos gobernos da ditadura

Tamén é Fillo Predilecto o almirante golpista **Salvador Moreno Fernández**, cando o concello de Pontevedra (voto a favor de BNG e PSOE) xa eliminou a súa rúa en 2002 (hoxe é Rosalía de Castro). O ministerio de Defensa, despois dunha denuncia da CIG, por incumprimento da Lei de Memoria Histórica, cambiaba en Pontevedra en maio de 2021 o centro de ensino Salvador Moreno, que depende de Defensa, por Juan Sebastián Elcano. En Marín, alcaldía do PSOE, cambiaban o IES Salvador Moreno por IES Illa de Tambo. O concello de Ferrol retirou a súa rúa en 1981 (hoxe Irmandiños). O Ministerio de Defensa retirou a súa rúa do Arsenal Militar de Ferrol

Un grupo de ministros dos gobernos da ditadura franquista conservan distincións honoríficas da Deputación da Coruña: **José Antonio Girón de Velasco**, Fillo Predilecto (xa retiraron distincións honoríficas a este significado falanxista, entre outros moitos, os concellos da Coruña, Cedeira e As Pontes); o concello de Cádiz retiroulle a distinción de Fillo Adoptivo, cos votos a favor de Adiante Cádiz e PSOE, e retiraba tamén a rúa Fernández Ladreda, ministro na ditadura. **Gonzalo Fernández de la Mora**, Fillo Adoptivo (xa non é Fillo Predilecto de Santiago por acordo do Pleno de 19 de xullo de 2018 e Cedeira retiroulle a distinción de Fillo Adoptivo); **Cirilo Cánovas García**, Fillo Adoptivo (o concello de Valencia, con goberno Compromís-PSOE, retiráballe a distinción o 28 de xullo de 2016); **Fernando Suárez de Tangil** é Fillo Adoptivo da provincia da Coruña, pero perdía en Burgos, alcaldía do PP, a distinción de Fillo Adoptivo por unanimidade en outubro de 2017; Palencia e Alacante tamén retiraban as distincións por sentenza xudicial; e Cádiz (voto a favor de Adelante Cádiz e PSOE) retira en decembro de 2021 a distinción de Fillo Predilecto; a Lei de Memoria Democrática retiráballe o título nobiliario de “Grandeza de España. **Laureano López Rodó**, Fillo Adoptivo (o concello de Santiago retiraba as distincións de Alcalde Honorario e Fillo Adoptivo o 19 de xullo de 2018). **Manuel Fraga**, Fillo Adoptivo da provincia desde 1965, cando era ministro da ditadura, distinción que xa foi retirada polo Pleno de Ferrol o 25 de abril de 2019 (voto a favor do PSOE, Ferrol en Común e BNG). O Pleno de Cedeira (alcaldía do PSOE) de 2 de marzo de 2010 cambiaba o nome da súa avenida por Fraternidade e o Pleno de 2 de outubro de

2010 retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1965. Gonzalo Caballero, secretario xeral dos socialistas galegos apoiaba a decisión dos seus compañeiros de Ferrol e Cedeira, sinalando que había que distinguir dúas etapas, a ditadura e a democracia, e que esas distincións de Fillo Adoptivo na etapa da ditadura “teñen todo o rexeitamento” do PSdeG.

### **Falanxistas**

Teñen distincións honoríficas significados fascistas, golpistas e falanxistas que participaron na represión como **Antonio Pedrosa Latas**, Fillo Adoptivo (Lugo retiroulle a Medalla de Ouro en 2015 e Viveiro cambiaba en 2018 o CEIP en Celeiro), **José Fariña Ferreño**, Fillo Predilecto (o concello de Cádiz, cos votos a favor de Adelante Cádiz e PSOE, retiroulle unha praza en decembro de 2021 e a distinción de Fillo Adoptivo) e **Enrique Salgado Torres**, Fillo Predilecto (o concello de Ferrol, alcaldía do PSOE, retiroulle unha rúa en 1981).

### **Supresión de títulos nobiliarios**

**Pedro Barrié de la Maza** ten a Medalla de Ouro da provincia da Coruña, pero o concello de Sada (voto a favor de Sada Maioría, BNG, PSOE e Alternativa dos Veciños) retiráballe en 2021 a avenida e a distinción de Fillo Adoptivo. Ares cambiaba en 2016, alcaldía do PSOE, o CPI Conde de Fenosa por CPI As Mirandas. O concello de Corcubión, alcaldía do PSOE, retiraba a Barrié a distinción de Fillo Adoptivo en 2022.

O Congreso dos Deputados aprobaba a Lei 20/2022 de 19 de outubro, de Memoria Democrática (BOE de 20 de outubro de 2022), que recolle a eliminación de títulos nobiliarios a franquistas, entre eles o de Conde de Fenosa. Se é retirada por lei esta distinción, tería plena xustificación a retirada doutras distincións a **Pedro Barrié de la Maza**, entre elas a **Medalla de Ouro** da provincia da Coruña, concedida na ditadura en 1971.

### **Centros de ensino**

Dous presidentes da Deputación da Coruña na ditadura dan nome a centros de ensino, dependentes da deputación: **IES Rafael Puga Ramón** e **Fogar Infantil Emilio Romay** (Romay Montoto é tamén Fillo Predilecto). O Pleno da Deputación de 26 de outubro de 2018 aprobaba o cambio do IES Calvo Sotelo, que dependía da deputación, por IES Rosalía Mera. Sendo presidente da Xunta Manuel Fraga cambiouse o nome do IES Diego Delicado, presidente da Deputación da Coruña na ditadura, por IES Urbano Lugrís. O concello de Sevilla acordaba por unanimidade en 2017 retirar o nome de CEIP Benjamín Burín, presidente da Deputación de Sevilla na ditadura.

Despois de 63 meses sen ter resposta aos tres escritos enviados desde 2018 a Valentín González Formoso, como presidente da Deputación da Coruña, considero que queda clara a falta de vontade política para cumprir coa Lei de Memoria Histórica de 2007 e a Lei de Memoria Democrática de 2022.

Por todos estes motivos e cumprindo co que adiantara no escrito ao presidente da Deputación da Coruña de 8 de maio de 2023,

### **SOLICITA**

Que se teña en conta o catálogo sinalado de 38 elementos contrarios á memoria democrática na Deputación da Coruña, que presento como vítima do franquismo e investigador, para a súa incorporación ao Catálogo do Estado, segundo o artigo 36.2 da Lei de Memoria Democrática.

O ANEXO, que axunto, amplía a documentación.

Reciba un cordial saúdo.

A Coruña, 18 de marzo de 2024.

Asdo. Manuel Monge González manolomongegonzalez@gmail.com 665998574

## **ANEXO**

**(Información recollida do libro de Manuel Monge OS RESTOS DO FRANQUISMO EN GALIZA, Edicións Laiovento, 2020)**

**Juan José Barcia Goyanes.** Ten un retrato no salón de plenos.

Nado en Compostela o 26-12-1901, falece o 14 de xullo de 2003. Médico anatomista, pioneiro da neurocirurxía. Gaña a cátedra de Anatomía da Universidade de Salamanca en 1926 e a cátedra na Universidade de Valencia en 1929.

O 18 de xullo de 1936, cando se inicia a sublevación fascista, estaba en Santander nun curso de verán da Universidade. Non regresa a Valencia (esta cidade non cae nas mans do exército de Franco até marzo de 1939) e trasládase até Galiza, saíndo de Santander nun barco de guerra alemán, o cruceiro Seeadler. Instalado na Coruña, transforma o Hospital Labaca nun centro especializado en lesións neurocirúrxicas, que atende a feridos na fronte de guerra.

Persoa de confianza dos sublevados franquistas, é nomeado Presidente da Xestora da Deputación provincial da Coruña polo Gobernador Civil Julio Muñoz R. de Aguilar no Pleno da corporación do 29 de outubro de 1938. Nese Pleno sinalaba o gobernador, referíndose a Barcia Goyanes, que “su personalidad rebasa el área provincial y su capacidad harto conocida”.

No citado Pleno “el nuevo Presidente, Sr. Barcia Goyanes, pronunció breves frases para agradecer vivamente la atención de habersele designado para el cargo de Presidente de la Diputación y prometió dedicar todos sus esfuerzos en el desempeño del mismo, al bien de España, pensando en ella, para contribuir, mediante la prosperidad de la provincia, a la grandeza, a la unidad y a la libertad de la Patria”, é dicir, facía unha adaptación dun dos lemas patrióticos do franquismo “España: una, grande y libre”. “La Comisión Gestora de la Excelentísima Diputación Provincial de La Coruña, [que preside Barcia Goyanes], adoptó el acuerdo de enviar telegramas de saludo y de adhesión a su Excelencia el Generalísimo, Jefe del Estado, al Ministro del Interior, Don Ramón Serrano Suñer y al Ministro de Agricultura, Secretario General de Falange Española Tradicionalista

y de las JONS, don Raimundo Fernández Cuesta” (“Acta de la Sesión extraordinaria del día 29 de octubre de 1938, III Año Triunfal”).

Formou parte da Xunta pro Pazo de Meirás. Franco recibe a doazón do pazo como Xefe do Estado o 5 de decembro de 1938. Ese mesmo día celebraba Pleno a Deputación ás 16 horas e o Presidente Barcia Goyanes daba conta da estancia nas Torres de Meirás do Xefe do Estado e facía a seguinte proposta, que é aprobada: “Para rendir a tan elevada personalidad el debido homenaje, propone que se levante la sesión y que la corporación se traslade a dicha residencia”, como recolle a acta.

Barcia Goyanes era sinalado na universidade de Valencia como “Decano franquista” no libro de Benito Sanz Díaz, editado por CCOO *Rojos y demócratas. La oposición al franquismo en la Universidad de Valencia 1939-1975*. Cando en 1961 era Decano da Facultade de Medicina, Barcia Goyanes non dá permiso ao preso político Julio Marín (militante do PCE) para poder examinarse.

**Emilio Romay Montoto.** Ten un retrato no salón de plenos, dá o seu nome a un Fogar Infantil, dependente da deputación, é Fillo Predilecto da provincia.

Nado en Betanzos en 1897 e falece en 1950. Avogado. Alcalde de Betanzos (1924-1929) na Ditadura de Primo de Rivera.

Falanxista. Nos documentos internos de Falange aparece esta referencia a Emilio Romay Montoto: “Militante. Ocupó la alcaldía citada y más tarde la Presidencia de la Diputación”.

Persoa de confianza dos sublevados o 18 de xullo de 1936, formaba parte da nova Comisión Xestora da Deputación que se constitúe o 29 de outubro de 1938. Presidente da Deputación na ditadura franquista (28-10-1939 a 10-2-1950). Procurador nas Cortes franquistas (1946-1949).

**Diego Delicado Marañón.** Ten un retrato no salón de plenos.

Nado en Málaga en 1884, Trasládouse á Coruña como funcionario de Facenda. Foi Xefe de Aduana durante a Ditadura de Primo de Rivera. Faleceu o 7 de agosto de 1964.

Foi presidente da Deputación da Coruña (27-3-1950 a 25-1-1961) e procurador nas Cortes franquistas en representación das deputacións provinciais. Pertencía á Corporación municipal da Coruña constituída no Pleno de 18 de agosto de 1938, participando na súa política represiva de depuración dos traballadores do concello. No Pleno do 30 de decembro de 1938 propón, e é aprobado, que a rúa do Socorro, pase a chamarse Juan Canalejo, fundador en 1933 da Falanxe coruñesa. Diego Delicado xustificaba así a súa proposta: “En atención a las persecuciones sufridas y méritos contraídos por el fundador de la Falange en esta capital, cuyo nombre no puede ser olvidado por ningún coruñés entusiasta del Glorioso Movimiento, que debe ir en la memoria de todos, inmediatamente después del inmortal de José Antonio Primo de Rivera”.

A iniciativa do Claustro de Profesores e Profesoras do IES Diego Delicado, o Consello Escolar dese instituto coruñés solicitaba o cambio de nome, petición que foi aceptada pola consellería de Educación, sendo Manuel Fraga presidente da Xunta. Hoxe chámase IES Urbano Lugrís.

**Rafael Puga Ramón.** Ten un retrato no salón de plenos, dá o seu nome a un IES, dependente da Deputación, e ten unha rúa no porto do Barqueiro (concello de Mañón).

Nado na Coruña o 6-1-1909 e falece o 21-5-1972. Fillo de Manuel María Puga y Parga, “Picadillo”, que foi alcalde da Coruña. Médico pola USC en 1932. Substitúe como Presidente da Deputación da Coruña a Diego Delicado.

Foi investido Presidente da Deputación da Coruña na ditadura, segundo figura nas actas, en virtude da Orde emitida en nome do “Caudillo de España”, pola Dirección General de Administración Local de data 18 de xaneiro de 1961. Segundo consta en acta, o Sr. Puga Ramón aceptou o nomeamento con “firme lealtad al Caudillo y su firme e incondicional adhesión”.

A acta da reunión da Corporación Provincial de 27 de setembro de 1961 recolle: “Se da cuenta de la audiencia concedida por el Generalísimo Franco el día 11 de septiembre de 1961 en el Pazo de Meirás, en la que se impuso la 1ª Medalla de Oro de la Provincia, manifestando el Sr. Presidente [Rafael Puga Ramón] su inquebrantable adhesión de la Corporación a Su Excelencia el Jefe del Estado”.

Rafael Puga Ramón foi Presidente da Deputación de 1961 a 1970. Procurador nas Cortes franquistas do 31-5-1961 a 6-6-1964. Conselleiro Nacional do Movemento en representación da Deputación. Ten a Gran Cruz do Mérito Civil; Encomenda con Placa da Orde Imperial do Xugo e as Frechas e a Encomenda sinxela da Orde de Cisneros.

**Ángel Porto Anido.** Ten un retrato no salón de plenos.

Nado en Santiago o 24 de febreiro de 1919, falece o 8 de setembro de 2006. Avogado e industrial. Significado falanxista. Alférez Provisional con 17 anos.

Alcalde de Santiago de 1957 a 1964. Presidente da Deputación da Coruña de 17 de abril de 1970 a 1974. Conselleiro Nacional do Movemento, Procurador nas Cortes franquistas entre 1967 e 1977. Despois da Transición foi o líder de Falange Española en Galiza.

**Lino Rodríguez Madero.** Ten un retrato no salón de plenos.

Presidente da Deputación da Coruña de 31 de outubro de 1974 a 1977. Procurador nas Cortes franquistas dende marzo de 1975. Recibe en 1975 o “cardo de Plata de las Hogueras”, máxima distinción desa organización, por parte de José Eugenio Fernández Barallobre, presidente das “Hogueras de San Juan”.

**Manuel Fraga Solar.** Ten un retrato no salón de plenos.

Concelleiro e tenente alcalde do concello da Coruña na ditadura. Deputado provincial por representación sindical, vicepresidente en 1974 e presidente da Deputación da Coruña desde 1977 até a celebración das primeiras eleccións municipais democráticas.

**Enrique Cánovas Lacruz.** Fillo Predilecto e Adoptivo da provincia da Coruña (5-1-1937).

O xeneral Enrique Cánovas Lacruz (1877-1965) sublevouse na A Coruña contra o goberno da República o mesmo día 20 de xullo de 1936. Foi a máxima autoridade militar sublevada na cidade durante os primeiros meses; vogal e presidente de varios consellos de guerra con resultado de fusilamentos e encarceramentos, entre eles o que levou á morte a Pepe Miñones, ás autoridades

municipais viguesas co seu alcalde á fronte e aos coñecidos irmáns Bilbatúa, tamén de Vigo. Así mesmo, presidiu o tribunal que condenou á morte a alcalde de Lavadores e a gobernador civil de Ourense, entre outros moitos. Foi tamén vogal e presidente do Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo durante moitos anos, condenando a varios coruñeses a prisión e a desterro. Como “premio” ocupou cargos como inspector xeral de Fortificacións, Capitanía Xeral de Valencia, Dirección Xeral da Garda Civil e Comandancia Xeral de Baleares. Participou polo tanto na sublevación, na guerra civil, e na represión física e económica de forma decidida e notábel (Informe da Comisión de Expertos da Coruña para eliminar a praza que levaba o nome deste militar golpista).

O concello da Coruña concedeulle a distinción de Fillo Adoptivo o 13 de xullo de 1943, que foi revogada no Pleno de 1-3-2010. Tamén cambiou o nome da praza General Cánovas Lacruz nun lateral de Capitanía.

**Florentino González Vallés.** Fillo Predilecto e Adoptivo da provincia da Coruña (5-1-1937).

Ingresa en 1903 na Academia de Infantería. Tenente da Garda Civil en Vilalba (1911). Foi cesado no seu destino en abril de 1936 por asistir sen autorización ao enterro do alférez da Garda Civil Anastasio de los Reyes.

Falanxista e golpista, forma parte, como tenente coronel da Garda Civil, do grupo organizador da sublevación na Coruña o 18 de xullo de 1936. Releva como gobernador civil (de 20 de xullo de 1936 a outubro de 1936) ao gobernador civil da República, Francisco Pérez Carballo, asasinado polos sublevados, e é nomeado Delegado de Orde Pública da provincia.

Despois do trunfo dos golpistas, a brutal represión era recollida así en *El Correo Gallego* de 30 de xullo de 1936: “Activa y enérgica actuación del Delegado de Orden Público en la provincia, tenente coronel de la Benemérita señor González Vallés”. Esa represión chegaba a todos os sectores sociais e o crego Andrés Ares Díaz era paseado o 3 de outubro de 1936 por negarse a entregar a milicianos falanxista os cartos recadados para as festa do Val de Xestoso (Monfero).

A represión e o control da xente chega ao extremo de esixir o saúdo fascista con “carácter obligatorio”, como recollía un bando de González Vallés, como Gobernador Civil da Coruña o 29 de agosto de 1936.

“Se establece con carácter obligatorio, como señal de adhesión a la campaña salvadora de nuestra Patria, el saludo romano, que, en su ademán de brazo en alto, recto, y mano extendida, lleva la significación de franqueza, cordialidad y energía, características de la nueva y vieja España; saludo que representa nuestra descendencia de la civilización latina, luz del mundo, y que es hoy símbolo de fraternidad en los pueblos encendidos de amor patrio, que han tenido la fortuna de librarse de la esclavitud marxista. Los elementos de las Milicias armadas, aisladamente, se considerarán también obligados al empleo de igual saludo, por estimarse éste como la forma de adherirse al movimiento salvador de España”.

(*La Voz de Ortigueira*, 5-9-1936, nº 1059).

Dentro deste clima de terror e represión, Carlos Fernández Santander falaba de “vigilancia de los rojos” no seu traballo *Desde la guerra civil a la muerte de Franco*:

La falange efectuaba razzias en los domicilios particulares de los rojos para ver si estaban oyendo radios extranjeras, mayormente del bando aliado durante la Guerra Mundial. Rápidamente, se les requisaba el aparato y se les imponía una multa. Respecto a éstas, solían aparecer en los periódicos locales bajo la denominación de sanciones de orden público. Había algunas muy curiosas. Por ejemplo: A José Otero, conocido por Lolito el de las Jubias, 5.000 pesetas por desafecto al Glorioso Movimiento Nacional. A Roberto Lage Varela, 500 pesetas por ser izquierdista muy avieso y tener un trozo de bandera republicana. A Rodolfo Prego, 1.500 pesetas por insultar de forma macabra a los voluntarios de la División Azul. A Leonardo Loureda, 250 pesetas por hacer críticas al paso de una procesión. A Luis García, 500 pesetas por hacer manifestaciones contra la falange y emplear un lenguaje nauseabundo.

(A *Coruña 800 años en primera plana*, editado pola *Asociación de la Prensa de La Coruña en 2009*).

O Pleno da corporación municipal da Coruña de 10 de outubro de 1936 distinguía ao ditador Franco como Fillo Predilecto e Predilectísimo, sendo González Vallés o Gobernador Civil. Por outra parte, na manifestación celebrada días antes, o 3 de outubro de 1936, González Vallés esixía “obediencia ciega al Salvador de la Patria”, como recollía Carlos Fernández (*La Voz de Galicia*, 29-11-2004).

Entre o 15 de agosto de 1936 e o 29 de outubro dese ano foron asasinados 239 persoas en execucións extraxudiciais na zona de Ferrol no mandato sanguíneo do tándem formado por González Vallés e Victoriano Suanzes (capitán da Garda Civil e fillo dun almirante ferrolán) como Delegado de Orde Pública de Ferrol, segundo recollen os historiadores Eliseo Fernández e Xosé Manuel Suárez no libro “Os nomes do terror”.

Despois do seu cese –parece ser que pola implicación dun fillo en actividades de extorsión económica– González Vallés era nomeado Delegado de Orde Pública de San Sebastián, Xefe da Comandancia da Garda Civil de León, Lugo (abril de 1937), A Coruña (febreiro de 1938), Santander e Pontevedra, até o seu falecemento o 28 de novembro de 1938.

**Luis Tovar Figueras.** Fillo Predilecto e Adoptivo da provincia da Coruña (5-1-1937).

Tenente coronel. O 18 de xullo era Xefe de Estado Maior Provisional de Capitanía. Na mañá do 20 de xullo é destituído polo xeneral Enrique Salcedo Molinuevo, Xeneral Xefe da VIII División Orgánica, porque coñecía a súa implicación no golpe de Estado, pero os sublevados detiveron a Salcedo e tamén ao xeneral Rogelio Caridad Pita, Gobernador Militar, que foron trasladados ao Castelo de San Felipe de Ferrol no buque correo Plus Ultra, xulgados en consello de guerra o 24 de outubro, acusados de “traición”, condenados a morte e fusilados o 9 de novembro de 1936. Luis Tovar foi quen ordenou o bombardeo desde O Parrote do Goberno Civil da Coruña, situado no que hoxe é o Teatro Rosalía.

**Pablo Martín Alonso.** Fillo Predilecto e Adoptivo da provincia da Coruña (5-1-1937).

Nado en Ferrol o 10-6-1894. Militar golpista e ministro na ditadura. Despois da proclamación da II República o 14 de abril de 1931, participa en 1932 na sublevación do xeneral Sanjurjo en Sevilla, coñecida como a “Sanjurjada”. Despois do fracaso foi detido e amnistiado en febreiro de 1936. Como coronel recibe o mando do Rexemento de Infantería Zamora nº 8 con guarnición na Coruña e



como persoa de máxima confianza dos conspiradores, participa o 18 de xullo de 1936 na sublevación contra o goberno da República. Organiza as columnas que se trasladan desde Galicia até Oviedo, participando na fronte de Asturias, Teruel e Levante. A finais de 1939 dirixiu a represión contra a guerrilla en Asturias.

Foi Xefe da Casa Militar de Franco e Director Xeral da Garda Civil. Cando acada o grao de Tenente Xeral é nomeado Capitán Xeral de Cataluña (1957-1962), e Ministro do Exército desde o 10 de xullo de 1962 até o seu falecemento en Madrid o 11 de febreiro de 1964.

Unha Orde da Ministra de Defensa Carmen Chacón de decembro de 2009 cambiaba o nome da Academia General Básica de Suboficiales de Talarn (Lleida) que levaba o nome de General Martín Alonso.

**José Antonio Girón de Velasco.** Fillo Adoptivo (25-9-1950).

José Antonio Girón de Velasco (1911-1995) participou na fundación das Juntas Obreras Nacional Sindicalistas (JONS) despois unificadas coa Falanxe. Cando se inicia a sublevación de 1936 e a Guerra Civil, sendo xefe das milicias falanxistas de Valladolid, púxose á fronte dunha centuria de tales milicias e encamiñouse ao Alto do León, integrándose na columna que mandaba o coronel Serrador, que intentaba avanzar rapidamente cara a Madrid nos momentos iniciais de desconcerto, para conseguir o dominio da capital e acabar co goberno lexítimo da II República; pola súa actuación en aquelas operacións recibiu a Medalla Militar Individual. Cando finaliza a guerra foi nomeado delegado nacional da politicamente influente Asociación Nacional de Ex Combatentes e, pouco despois, ministro de Traballo. Foi tamén membro do Consello do Reino e procurador das Cortes franquistas (Informe da Comisión de Expertos da Coruña en 2009 para retirarlle a distinción de Fillo Adoptivo da Coruña).

O Pleno de Ferrol de 1981, alcaldía do PSOE, cambiaba a rúa José Antonio Girón de Velasco por Ricardo Carbalho Calero. O concello de As Pontes, sendo alcalde Valentín González Formoso, retiraba no pleno de xaneiro de 2009, por unanimidade, a Medalla de Prata a José Antonio Girón de Velasco, pero a Deputación da Coruña, que preside o mesmo Valentín González Formoso, mantén a Girón de Velasco como Fillo Adoptivo. O concello da Coruña concedeulle a distinción de Fillo Adoptivo o 30-11-1950, que retirou no Pleno de 1 de marzo de 2010.

**Rafael Hierro Martínez.** Fillo Adoptivo (24-3-1951).

Militar que se sumou á sublevación franquista e participou na Guerra Civil. Posteriormente, foi director xeral de Seguridade, inspector xeral da Policía Armada –represor de folguistas barceloneses durante a ditadura de Francisco Franco–, Gobernador civil da Coruña e xefe provincial do Movemento, xeneral de División en 1961, vogal do Consello de Acción Social, entre outros varios cargos máis. O seu principal mérito para a concesión da distinción foi o seu posto de gobernador civil, dende onde se encargou de liquidar a loita dos guerrilleiros antifranquistas na provincia coruñesa (Informe da citada Comisión de Expertos para retirarlle a distinción de Fillo Adoptivo).

O concello da Coruña retiroulle a distinción de Fillo Adoptivo o 1-3-2010.

**Diego Salas Pombo.** Fillo Adoptivo (28-8-1951).

Significado falanxista. En 1941 era xefe provincial da Coruña de FET y de las JONS. Vicesecretario xeneral de Falanxe en 1956. Gobernador Civil e xefe provincial do Movemento de Salamanca e Valencia. Procurador nas Cortes franquistas (1943-1977) e membro do Consello Nacional do Movemento.

O Pleno municipal de Valencia (gobierno Compromís-PSOE) do 28 de xullo de 2016 retiráballe a Medalla de Ouro da cidade. En Salamanca retiran o nome de Barrio Salas Pombo, que recupera o nome tradicional de San Bernardo. En Navalmoral de Béjar (Salamanca) cambiaron a rúa Salas Pombo por La Fragua. Tamén en Cantagallo (Salamanca) con alcaldía do PP, retiraron a rúa Salas Pombo no Pleno de 16-11-2017, que pasa a chamarse Don Tibi.

**Fernando Suárez de Tangil.** Fillo Adoptivo (25-5-1952).

Fernando Suárez de Tangil y Angulo, coñecido como Conde de Vallellano, naceu en Madrid (3-8-1886) e faleceu en Madrid (6-9-1964). Alcalde de Madrid na Ditadura de Primo de Rivera (1924-1927). Encabezou a candidatura monárquica en Madrid nas eleccións municipais de abril de 1931. Despois da súa implicación na fracasado golpe de Estado do xeneral Sanjurjo en agosto de 1932, instálase en París e cando regresa a España é encarcerado. Participa na creación de Renovación Española, sendo vicepresidente.

Elixido deputado por Palencia nas eleccións de 1933 e 1936, sendo vicepresidente das Cortes. Trasládase a Portugal, en coordinación co xeneral Mola, no días previos á sublevación do 18 de xullo de 1936, regresando para dirixir a Cruz Roja franquista (1936-1940). Ministro de Obras Públicas (1951-1957), presidente do Consello de Estado (1958), procurador nas Cortes franquistas desde 1951 até a súa morte.

Cidades como Tarragona e Burgos (alcaldía do PP, retiroulle o título de Fillo Adoptivo por unanimidade o 6-10-2017); Palencia e Alacante por sentenza xudicial, retiráronlle as distincións; Córdoba eliminaba o seu nome dunha das principais avenidas da cidade.

**Antonio Pedrosa Latas.** Fillo Adoptivo (27-6-1953).

Nado en Lugo (23-8-1916) e falece en Madrid (25-2-1990). Destacado falanxista e fascista. En 1932 fixo parte do grupo impulsor das mocidades da Unión Regional de Derechas en Lugo, participando en accións violentas contra as organizacións de esquerda, chegando a destacarse en 1932 como unha das persoas que ocupou o Concello de Lugo en oposición á lexislación relixiosa da II República.

Participa en 1934 na fundación de Falange Española en Lugo e na preparación do golpe militar do 18 de xullo de 1936. Voluntario nas columnas fascistas, foi o máximo responsábel da Bandera de Falange de Lugo, tomando parte na ocupación de diversas vilas da provincia. Aparece sinalado en diversas publicacións como participante na represión en Lugo e Antón Patiño Regueira recolle no seu libro *Memoria de ferro* a implicación de Antonio Pedrosa Latas no asasinato de Ambrosio Vila, alcalde republicano de Monforte de Lemos. Durante a Guerra Civil combateu no exército de Franco, chegando á gradación de tenente coronel de Infantería.

Asesor xurídico do Ministerio de Traballo, xefe provincial do Movemento Nacional de Ourense até 1940. Xefe Nacional do Sindicato de Pesca e director xeral técnico do Instituto Social da Mariña. Procurador nas Cortes franquistas en todas as lexislaturas, excepto a segunda. Conselleiro Nacional e membro do IX e X Consello Nacional de FET y de las JONS.

Afiliado a Alianza Popular, Pedrosa Latas participou no famoso mitin de Manuel Fraga en Lugo o 6 de maio de 1977 porque era candidato ao Senado nas eleccións do 15 de xuño de 1977, pero no saíu elixido. Un grupo dunhas 100 persoas berraba nese mitin no interior do Palacio de Deportes de Lugo: Galicia Ceibe e Socialista; Amnistía Total; Montejurra, Montejurra; Vitoria, Vitoria etc. Segundo a versión oficial, Fraga “quitouse a chaqueta”, e correu detrás dos “alborotadores”; a verdade é que foron desaloxados violentamente por un servizo de orde dirixido por Rodolfo Eduardo Almirón (ex-policia arxentino e membro da Triplo A, organización terrorista da extrema dereita arxentina), contratado por Fraga para o servizo de seguridade.

O concello de Lugo retiroulle a Medalla de Ouro o 4-5-2015 e o concello de Viveiro cambiou en febreiro de 2018 o nome do *CEIP Antonio Pedrosa Latas* en Celeiro.

**Francisco Delgado Serrano.** Fillo Adoptivo (28-7-1953).

Destinado en xullo de 1936 en Melilla co cargo de tenente coronel, xefe dun tambor de Regulares, implicado na conxura do xeneral Emilio Mola. Participou na sublevación de Francisco Franco e na Guerra Civil co cargo de coronel, ordenando bombardear o Mosteiro de Guadalupe, na campaña de Estremadura. Participou tamén no mes de outubro de 1936 no ataque a Madrid ao mando dunha columna cun tambor de Regulares, utilizando a práctica de fusilar os prisioneiros que caían nas súas mans.

O seu principal mérito para a concesión da honra municipal coruñés foi ser Capitán Xeral de Galicia do réxime franquista (Informe da citada Comisión de Expertos para retirarlle a distinción de Fillo Adoptivo da Coruña). O concello da Coruña concedeulle a distinción de Fillo Adoptivo o 27-6-1953, que foi revogada no Pleno do 1-3-2010.

**José Manuel Pardo Santayana.** Fillo Adoptivo (27-11-1953).

“Fillo Adoptivo” da provincia por acordo do Pleno do 20 de outubro de 1960. Significado falanxista, foi gobernador da Coruña de 1951 a 1953 e xefe provincial do Movemento. Gobernador Civil de Lleida, Baleares, Zaragoza e Madrid (1965-1969). É tamén Fillo Adoptivo da Coruña.

Son numerosos os casos de eliminación de rúas e distincións honoríficas a persoas que ocuparon o cargo de Gobernador Civil na ditadura. Carlos Ruiz foi xefe provincial de Falange de Cantabria en 1939 e Gobernador Civil de Madrid de 1941 a 1954. En Madrid foi eliminada a praza Gobernador Carlos Ruiz (votos a favor do Goberno de Ahora Madrid, PSOE e Cs), que pasa a chamarse Corpus Barga (escritor); e a rúa Carlos Ruiz é agora Gerda Taro (xornalista gráfica).

**Cirilo Cánovas García.** Fillo Adoptivo (26-10-1959).

Nado en Requena-Valencia (9-7-1899) e falece en Madrid (25-1-1973). Falanxista, participa en 1936 desde Santander na sublevación do exército de Franco. Enxeñeiro agrónomo é destinado como

enseñeiro xefe de Levante dentro do Instituto Nacional de Colonización. Ministro de Agricultura (1957-1965) e cando cesa é nomeado presidente do Banco de Crédito Agrícola. Procurador nas Cortes franquistas (1957-1965).

O Pleno municipal de Valencia do 28 de xullo de 2016 retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo.

**Fermín Gutiérrez de Soto.** Fillo Adoptivo (27-2-1960).

Fermín Gutiérrez de Soto (1897-1969) sumouse como comandante á sublevación franquista, participando na conxura militar xunto co coronel Luís Tovar Figueras na sublevación na Coruña en 1936, así como na Guerra Civil contra a II República. O tenente coronel Fermín Gutiérrez atopábase en 1939 desempeñando o cargo de xefe de Estado Maior do VIII Corpo do Exército de Galicia, sendo nomeado o 5 de setembro do citado ano, e con carácter provisional, xefe dese Estado Maior, como coronel habilitado. Anos máis tarde, nos últimos anos da década dos cincuenta, cando era tenente xeral, foi nomeado Capitán Xeral da VIII Rexión Militar con sede na Coruña.

O principal mérito para a concesión da honra da cidade, foi ser precisamente Capitán Xeneral de Galicia (Informe da Comisión de Expertos para retirarlle a Medalla de Ouro da Coruña no Pleno do 1-3-2010).

**Cristóbal Graciá Martínez.** Fillo Adoptivo (29-8-1960).

Falanxista. Secretario provincial de Falange en Albacete e presidente da Deputación de Albacete desde xuño de 1942. Gobernador de Murcia até 1953. Fillo Predilecto de Caudete –Murcia (12-10-1954). Membro do Consello Nacional de Falange. Gobernador Civil da Coruña (1954-1958); Subsecretario do Ministerio de Traballo (1959-1963). Procurador nas Cortes franquistas por Albacete en 1961. Director de Relacións Laborais de Ensidesa (1964-1970).

**Manuel Fraga Iribarne.** Fillo Adoptivo (27-11-1965)

Un colectivo de 41 presas e presos políticos de Galiza na ditadura, co apoio de 62 historiadoras e 56 entidade de toda Galiza, facían público en decembro de 2018 o manifesto **NON QUEREMOS O “CAMARADA FRAGA” COMO FILLO ADOPTIVO**, que pode servir como breve biografía do ministro de Franco.

*Como persoas presas políticas galegas na ditadura, que sufrimos a represión, queremos difundir esta biografía, non autorizada, do “Camarada Fraga” porque despois de 43 anos da morte do ditador Franco asistimos a unha ofensiva das forzas da dereita e ultradereita, todas con raíces franquistas, que poñen en perigo a democracia e as conquistas sociais.*

***Tolerancia cero co franquismo. Ningún ministro de Franco pode seguir mantendo distincións honoríficas polos servizos prestados a unha ditadura criminal, catalogada pola Asemblea das Nacións Unidas en 1946 ao mesmo nivel que a Alemaña nazi ou o fascismo de Mussolini.***

*O ditador Franco sempre estivo moi agradecido ao “Camarada Fraga” (era o tratamento entre os fascistas, como recollía o BOE de 9 de febreiro de 1961) polos servizos prestados á ditadura: “Cesa el camarada Manuel Fraga Iribarne en el cargo de Delegado Nacional de Asociaciones de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, agradeciéndole los servicios prestados”.*

*Manuel Fraga tivo unha traxectoria de máis de 35 anos de militancia franquista ou fascista. Afiliouse moi novo a Falanxe, en 1937; militante e delegado de curso do SEU (Sindicato Español Universitario de Falange Española). Ocupou desde 1951 numerosos cargos políticos na ditadura: conselleiro nacional do Movemento (o partido único); cando se constitúe por decreto do “Mando Nacional del Movimiento” de 13 de maio de 1961 a “Estructura y miembros del IX Consejo Nacional de Falange”, figura como Presidente do Instituto de Estudos Políticos e chega así a procurador das Cortes franquistas, cargo que ocupou durante varias lexislaturas; foi tamén membro do Consello de Estado.*

*Esta era a opinión de José Bergamín, escritor, poeta e dramaturgo, que despois do golpe fascista de 1936 presidiu no exilio a Alianza de Intelectuais Antifascistas: “En mi vida he visto mucha gente con fama de fascista o que quería profesar el fascismo, pero sólo he conocido dos de verdad: uno fue José Calvo Sotelo, la otra es Manuel Fraga”. Para José Manuel Caballero Bonald, escritor e premio Cervantes 2012, “Fraga se convirtió en uno de los máximos secuaces de la camarilla de Franco y sus actuaciones represivas propiciaron durante años la falta de libertades y la persecución de disidentes. Fue en puridad un cómplice de algunos de los asesinatos llevados a cabo en la última década del franquismo”.*

*Dentro da biografía secuestrada de Fraga está a súa simpatía e admiración polas ideas do fascismo e a negación do Holocausto xudio, e asinaba en abril de 1971 con outros significados fascistas un manifesto do Comité Español para a liberación de Rudolf Hess (número dous de Adolf Hitler), que solicitaba a súa liberdade porque estaba no cárcere alemán de Spandau.*

*Xuntamente con outros ministros da ditadura franquista, coñecidos como os “Siete Magníficos”, Fraga promove Alianza Popular (AP), que se convertería en Partido Popular (PP) en 1989. Os medios de comunicación recollían así as raíces franquistas deste partido: «NEOFANQUISTAS ENTUSIASMADOS CELEBRARON SU PRIMER CONGRESO. Los siete líderes de Alianza Popular anunciaron su federación y el paso hacia un partido único. Gritos de Franco, Franco de 3.000 fervorosos congresistas» (Portada do xornal Diario 16 de 7 de marzo de 1977).*

*Hai moitos exemplos da falta de humanidade de Fraga. Na folga da minería asturiana de 1962 chamou “piojosas” ás mulleres dos mineiros que foron rapadas no cuartel da Garda Civil, golpeadas, humilladas e paseadas polas rúas de Langreo.*

*O “Camarada Fraga” entraba no goberno de Franco en 1962 como ministro de Información e Turismo e foi partícipe e cómplice de toda a política represiva que se aprobaba no Consello de Ministros: fusilamentos, cárceres, campos de concentración, despedimentos, exilio, Tribunal de Orde Público (TOP), graves violacións dos dereitos humanos, expedientes a xornalistas, peche de medios de comunicación e asasinatos de traballadores. Abandona o goberno de Franco en 1969, pero regresa ao Consello de Ministros co último Goberno de Carlos Arias Navarro, sendo vicepresidente para Asuntos de Interior e ministro da Gobernación. Durante o seu mandato neste ministerio, de decembro de 1975 a xullo de 1976, a policía asasinaba a cinco traballadores en Vitoria con motivo dunha folga laboral. No tradicional Vía Crucis que organizaban os Carlistas en Montejurra (Navarra), un grupo de fascistas, dirixidos por un comandante do exército, asasinaba dúas persoas.*

*Fraga participou activamente na política de represión contra o idioma galego e os medios de comunicación. Só no período de abril de 1968 até abril de 1969, Fraga abriu 201 expedientes administrativos que, en aplicación da Lei de Prensa e Imprenta de 1966, culminaron en 118 sancións. Durante os meses previos á concesión do título de Fillo Adoptivo, Fraga sancionaba con cinco multas a La Voz de Galicia pola publicación de artigos de opinión e noticias sobre as folgas de estudantes e multaba con 50.000 pesetas ao subdirector dese xornal, Francisco Pillado Rivadulla, pola publicación o 26 de xullo de 1968 do artigo de Augusto Assía “Sobre el idioma gallego”. Fraga perseguíu especialmente a obra de Castelao, prohibindo a*

*difusión de Sempre en Galiza. Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de cárcere pola publicación en 1965 de “El pensamiento político de Castelao” pola editorial Ruedo Ibérico.*

*Fraga xustificaba a represión e o Estado de Excepción de 24 de xaneiro de 1969 “para luchar contra las acciones minoritarias sistemáticamente dirigidas a alterar la paz española (...) y evitar que se arrastre a la juventud a una orgía de nihilismo y anarquía”. Mantiña excelentes relacións con fascistas e ditadores de todo o mundo como Hugo Banzer de Bolivia ou Pinochet de Chile. Xustificou os crimes dos GAL, manifestándose en 2002 contrario ao esclarecemento dos mesmos e cualificando ese terrorismo de Estado como “Movimiento de Autodefensa”. Despois do fracasado o Golpe de Estado de 1981, manifestaba que os golpistas do 23-F “estaban llenos de buena voluntad”. Fraga sempre recoñeceu os seus servizos á ditadura e no libro de Vázquez Montalbán Mis almuerzos con gente inquietante (1984) dicía: “Serví lealmente a Franco. Serví al Estado franquista”.*

*Manuel Fraga nunca manifestou arrepentimento, nin pediu perdón polos crimes do franquismo. Se vivise hoxe sería citado a declarar pola xuíza arxentina María Servini, como outros ministros da ditadura franquista, no marco da Querela Arxentina, por crimes contra a humanidade, que non prescriben.*

**COMO SERVIDOR DO FRANQUISMO E MINISTRO DUNHA DITADURA CRIMINAL, MANUEL FRAGA NON MERECE RECOÑECIMIENTO SOCIAL, NIN A DISTINCIÓN DE FILLO ADOPTIVO.**

**Laureano López Rodó.** Fillo Adoptivo (27-11-1965).

Comisario do Plan de Desenvolvemento desde 1962. Ministro de Planificación e Desenvolvemento na Ditadura de 1965 a 1973; ministro de Asuntos Exteriores durante uns meses en 1973.

O mesmo que no caso de Fraga, e como membro do Consello de Ministros, Laureano López Rodó é tamén responsábel da política represiva dos Gobernos da Ditadura. En xullo de 1970 a policía asasinaba tres traballadores na folga da construción de Granada. O 4 de decembro dese ano, ao día seguinte do comezo do Proceso de Burgos, o Goberno declaraba o Estado de Excepción en Euskadi. En febreiro de 1971 o Goberno suspendía a publicación do semanario *Triunfo*. En setembro dese ano a policía asasinaba a Pedro Patiño, dirixente de CCOO da construción. E o 25 de novembro o Goberno pechaba definitivamente o diario *Madrid*. En febreiro de 1972 o Goberno suspendía a Xunta do Colexio de Avogados de Madrid. E dous meses antes de recibir Laureano López Rodó a distinción de Fillo Adoptivo da Coruña, a policía asasinaba en Ferrol a dous traballadores o 10 de marzo de 1972. O 22 de xullo dese ano o Goberno suspendía a “autonomía” das tres universidades madrileñas.

O concello de Compostela acordaba no Pleno do 19 de xullo de 2018 retirar a Laureano López Rodó as distincións de Alcalde Honorario e Fillo Adoptivo, concedidas durante a ditadura, distinción que mantén no concello da Coruña.

**Gonzalo Fernández de la Mora y Mon.** Fillo Adoptivo (19-5-1973).

Nado en Barcelona (30-4-1924) e falece en Madrid (10-2-2002). Monárquico e con militancia na dereita máis reaccionaria. Cónsul en Frankfurt (1949), encargado de Negocios en Bonn (1949-1951) e conselleiro cultural da embaixada española en Atenas (1961-1962).

Ministro de Obras Públicas (1970-1974). Funda Unión Nacional Española en 1974 (Mariano Rajoy iniciou a súa militancia política neste partido), que se integra en Alianza Popular (AP) en 1976 (conseguiu a acta de deputado por Pontevedra por AP nas eleccións xerais de 1977), abandonando o partido despois do apoio á Constitución de 1978. En 1979 funda Derecha Democrática Española con Federico Silva Muñoz, partido de extrema dereita, e en 1983 a revista Razón Española. Sempre estivo en contra de todo tipo de reforma ou Transición, apostando pola continuidade do franquismo.

O concello de Santiago retiroulle a distinción de Fillo Predilecto o 19-7-2018.

**Constantino Lobo Montero** . Fillo Predilecto (27-3-1951).

Militar golpista. Naso en Mugardos (1900) e falecido en Ferrol (1993). Estaba destinado en Ferrol en 1936, participando como comandante no exército sublevado de Franco. Foi presidente do Centro Galego de Madrid.

Director xeral de Industria e Material en 1947; ascende a coronel en 1953 e a xeneral de Brigada en 1958; Gobernador Militar de Ferrol até 1959. Ascende a xeneral de División en 1962 e é nomeado Xefe de Artillería Antiaérea do Exército de Terra. Pasa á reserva en 1972 co grado de tenente xeneral honorario.

O Pleno do concello de As Pontes de xaneiro de 2009, con Valentín González Formoso como alcalde socialista e hoxe presidente da Deputación provincial da Coruña, acordaba retirar a este xeneral golpista a Medalla de Prata. O Pleno de Ferrol do 2-3-1981, alcaldía do PSOE, cambiaba a rúa Constantino Lobo por Catalunya.

**Salvador Moreno Fernández**. Fillo Predilecto (29-8-1951).

Nado en Ferrol (14-10-1886) e falecido en Madrid (2-5-1966).

Foi director do Polígono de Tiro Naval Janer de Marín de 1924 a 1931. Militar golpista. Participou activamente na sublevación no Arsenal de Ferrol, apoderándose do cruceiro Almirante Cervera que, posteriormente, bombardeou Xixón.

Xefe do Estado Maior da Armada (1937) e Ministro da Mariña (1939-1945 e 1951-1957). Almirante dende 1950. Foi un dos 35 altos cargos do franquismo imputado pola Audiencia Nacional por delitos de detención ilegal e crimes contra a humanidade no sumario instruído polo xuíz Baltasar Garzón (auto de 16 de outubro de 2008).

Como pago aos servizos prestados á ditadura, cando pasa á reserva en 1956 é nomeado presidente do consello de administración da Compañía Transmediterránea até o seu falecemento.

O Pleno de Ferrol do 2-3-1981, con alcaldía do PSOE, retiraba a rúa Salvador Moreno Fernández, que pasaba a chamarse Irmandiños. O Pleno do concello de Pontevedra de outubro de 2002 acordaba, a iniciativa do BNG e co apoio do PSOE, eliminar a rúa Salvador Moreno Fernández, que foi substituída por Rosalía de Castro, e outras catro rúas máis. Luís Bará, concelleiro de Cultura xustificaba así esta decisión: “Por estar relacionados co período histórico do levantamento militar da guerra do 36 e a represión. Estes cambios son un exercicio de xustiza e normalidade democrática”.

Quince anos despois, o presidente Rajoy seguía reivindicando unha rúa para este golpista e declaraba o 30 de novembro de 2017 nunha visita a militares españois en Costa de Marfil: “Viví muchos años al lado de la Escuela Naval de Marín, en la calle Salvador Moreno de Pontevedra. Ahora, no se sabe por qué, le han quitado la calle al Almirante Salvador Moreno. Pero, en fin, yo le sigo llamando así”. Luís Bará cualificaba estas declaracións de Mariano Rajoy como “apoloxía do franquismo” e, por outra parte, como deputado do BNG no Parlamento Galego, pediu en 2018 o cambio de nome do colexio Salvador Moreno, que depende de Defensa, porque “é unha anomalía histórica e unha falta de respecto ás vítimas do franquismo que se homenaxee a un militar golpista e xenocida”.

Salvador Moreno Fernández figura no Panteón de Marinos Ilustres de San Carlos, no concello de San Fernando (Cádiz).

O Pleno de Málaga do 25 de xaneiro de 2018 acordaba “retirar todas las distinciones municipales que pudieran haberse concedido a cualquier figura de la sublevación militar de la Guerra Civil y de la represión de la dictadura” cos votos a favor do PSOE, Málaga para la Gente-IU, Málaga Ahora e Cs. Ese mesmo Pleno, alcaldía do PP, aprobaba por unanimidade unha moción sobre a memoria das vítimas do crime da estrada de Málaga a Almería (7 ao 12 de febreiro de 1937). Cando entra o exército de Franco en Málaga prodúcese a “Desbandá” con máis de 100.000 persoas desprazadas. A poboación civil foi bombardeada desde avións e desde a escuadra sublevada, entre eles o acorazado Canarias, comandado por Moreno Fernández, e o Baleares, provocando máis de 5.000 mortos.

**José María Rivero de Aguilar.** Fillo Predilecto (28-12-1951).

José María Rivero de Aguilar Otero era un militar golpista. Participou co exército de Franco na sublevación de 1936, ocupando a Xefatura do Servizo Nacional de Ferrocarrís, ascendendo a comandante en outubro de 1936 e a tenente coronel en abril de 1937. Encargado polo xeneral Emilio Mola da organización militar dos ferrocarrís. Director Xeral de RENFE (1944). Subsecretario do Ministerio de Obras Públicas (1951-1955). Era irmán de Ramón Rivero de Aguilar, fiscal que acusou a Alexandre Bóveda, asasinado polo franquismo, e a outros moitos demócratas e republicanos en xuízos militares en toda Galiza.

Así era recollida a historia da familia Rivero de Aguilar:

No seu papel de enxeñeiro foi encargado polos xenerais golpistas para ordenar o tráfico ferroviario na zona que quedara no seu poder e poñelo a disposición das necesidades bélicas do xeneral Franco desde a xefatura do *Servicio Nacional de Ferrocarriles*. Froito do seu labor na retagarda, xa rematada a contenda (onde sería condecorado coa Cruz de Mérito da Orde da Aguia do exército alemán) foi sinalado en 1944 para exercer como director xeneral de RENFE. En poucos anos, o seu verdadeiro poder político pasará a consumalo en agosto de 1951 cando queda nomeado “subsecretario del Ministerio de Obras Públicas”. Un destino, con amplas e discrecionais dispoñibilidades orzamentarias, logrado nun momento de expansión da obra civil por parte do Estado, e que José María Rivero de Aguilar administrará cunha habelencia política na que o pazo familiar do Faramello ía cumprir un papel esencial.

Convertido en home de máxima confianza do conde de Vallengano, o todopoderoso ministro do ramo no goberno do xeneral Franco, a José María Rivero de Aguilar achéganselle todas as prebendas e honores propios dun tempo de adulación extrema. Nomeamentos de fillo adoptivo en Vilagarcía e Monforte, predilecto en Santiago, nomes de rúas e peiraos dedicados a súa figura, presidencia de



procesións relixiosas, trofeos de fútbol baixo o seu apelido e, o máis importante, escollidos cargos en consellos de administración de empresa públicas e privadas. Unha acumulación de poder que durante eses anos o vai situar como o home máis poderoso de Galicia, fóra do propio ditador. A información privilexiada da que dispoñía, e a capacidade para converter calquera negocio ou proxecto nunha realidade a publicar no Boletín Oficial del Estado, vai converter a José María Rivero de Aguilar en algo máis ca un “simple” subsecretario de Obras Públicas.

No primeiros quince anos de franquismo José María Rivero de Aguilar converteu o Faramello, edificado na parroquia de Ribasar no concello de Rois, nunha sorte de Pazo de Meirás bis, e en toda unha corte dos milagres do réxime. Nel chegou a reunir en agosto de 1950 o consello de administración de Renfe e nos seus xardíns e salóns recibiu o propio xeneral Franco. O ditador visitou o Faramello en dúas ocasións. A primeira o 25 de xullo de 1945 e a segunda, con máis pompa se cabe, en setembro de 1953, onde o “caudillo” viaxa con todo o séquito habitual, o cardeal arcebispo de Santiago e máis o “Patriarca de las Indias Occidentales”.

Unha inesperada caída en desgraza que o seu íntimo camarada e conde, o ministro Vallellano, viuse na obriga de firmar. A prensa antifranquista do exilio, neste caso o *Mundo Obrero*, voceiro do PCE, que profusamente entraba clandestino en España, ofrecía en xullo de 1955 unha versión distinta á oficial. Segundo a versión do xornal comunista, a repentina destitución de José María Rivero de Aguilar no ministerio partira de máis altas instancias por causas directamente relacionadas coa corrupción. Unha purga debida, afirmaban, a que o coronel Luis Boix, xefe de persoal de Renfe, falsificaba a contabilidade referida ás nóminas dos obreiros da empresa estatal para quedar con sumas millonarias de diñeiro. *Mundo Obrero*, habitualmente ben informado por militantes infiltrados no seo da administración, ía máis alá e atrevíase a apuntar que o “subsecretario de Obras Públicas coronel Rivero de Aguilar, participaba tamén en el robo de los puntos de la Renfe. El cubría a Boix y le facilitaba sus operaciones a cambio de que una parte del botín fuese para sus manos, o a cambio de otros favores recíprocos en otros negocios por el estilo”. Con todo, a poucos meses da súa destitución, en decembro de 1955 estoupa outra bomba informativa cando transcende que ao Rivero de Aguilar caído en desgraza lle tocan seis millóns de pesetas (daqueles anos) co premio gordo da lotería de Nadal. Todo un antecedente —nos dous casos circularon toda caste de chistes e bromas— do que lle acontecería tres anos despois a outro amigo de Franco e da mesma familia Rivero de Aguilar, como era o financeiro coruñés Pedro Barrié de La Maza que, tamén coa lotería, logra outra suma millonaria. (*O fiscal que acusou a Bóveda e tantas outras historias da familia Rivero de Aguilar*. Xosé Enrique Acuña, 1-12-2016)

### **José Fariña Ferreño.** Fillo Predilecto (27-6-1953).

Fascista e golpista, era unha persoa moi próxima a José Calvo Sotelo e totalmente implicado na preparación da sublevación do 18 de xullo de 1936. Na primavera de 1936 exerceu de enlace entre o xeneral Sanjurjo e militares golpistas, levando unha mensaxe desde Lisboa para o xeneral Varela, que estaba en Cádiz, como recolle José de Mora-Figueroa y Gómez-Imaz, xefe provincial de Falange de Cádiz, no seu libro *Datos para la historia de la Falange gaditana 1934-1939*:

El día 11 marché a Sevilla en coche, dejé éste en el garaje de un pariente y fui a casa de Ramón Carranza, Marqués de Soto Hermoso, que vive en el Paseo de la Palmera (hoy Avenida de la Victoria), para pedirle quedarme aquella noche en su casa, pues no podía alojarme en ningún hotel sin ser detenido. Me despertó temprano, lo que me hizo suponer que había llegado la policía, pero era para presentarme a don José Fariña Ferreño -a quien después he tenido el gusto de tratar mucho- que venía de Portugal como enlace del General Sanjurjo, jefe militar del Alzamiento en España. Fariña tenía que ver al General Varela en su nombre, pero Ramón Carranza consideraba un error el que Fariña fuera a

Cádiz donde era conocido y cuya visita a Varela podía ser causa de complicación para éste. Por otra parte, Carranza consideraba que no era un plan hacedero dado los que ya estaban ultimados y que asignaban a Varela la dirección del Alzamiento en la provincia de Cádiz, y que además no había tiempo que perder. Fariña lo comprendió así y desistió de ir a Cádiz, convenciendo al Capitán de Caballería, Juan Sangrán, presente en la reunión, para que él –que también tenía instrucciones de Sanjurjo para anunciarle la visita a Varela de Fariña, el cual no conocía a aquél– tampoco fuera. Ramón era partidario de que yo transmitiera el mensaje de Sanjurjo ya que conocía mi amistad con Varela y también sabía que nos habíamos entrevistado dos días antes. Le recordé que había orden de la Dirección General de Seguridad al Gobernador de Cádiz para mi detención, pero él alegaba que conociendo yo mejor la población me sería más fácil ocultarme hasta llegar al General. Como alguien tenía que hablar con éste, acepté, y entonces me dijo Fariña que todo lo que tenía que comunicarle era lo siguiente: «De parte del General Sanjurjo, que tu puesto está en Madrid y que contestes sí o no». Según me dice Fariña en carta del 24 de Mayo de 1973, la idea de que Varela se hiciera cargo de Madrid había partido del Almirante, don Ramón de Carranza, Marqués de Villapesadilla que estaba con Sanjurjo en Portugal.

Por outra parte, José Fariña Ferreño foi unha persoa de confianza do ditador Franco e unha peza importante na represión fascista, como recolle o traballo *Entre la propaganda y el espionaje: la Delegación Especial para la Información de Residentes en Territorio Liberado en la España de la Guerra Civil (1936-1939)*, dos profesores Dolores Ruíz-Berdum, Allberto Gomis Blanco e Antonio González Bueno das Universidades de Alcalá e Complutense de Madrid. Segundo este estudo, tratábase dunha “organización formada por personal voluntario, formalmente destinada a recabar información sobre las personas que se encontraban en Madrid y, con posterioridad en el resto del territorio sometido por las tropas franquistas y cuyos datos fueron empleados con fines represores, ya durante la guerra y, particularmente, al finalizar ésta”. Explican como Fariña Fereño consegue dirixir esta organización, que chegou a elaborar 1.200.000 fichas: “En noviembre de 1936 el ejército sublevado pensaba que la entrada de sus tropas en Madrid sería inminente. Surgió entonces la necesidad de obtener una información rápida y precisa sobre los sucesos ocurridos en la capital durante la ‘dominación marxista’. Una de las personas del entorno inmediato de Francisco Franco, José Fariña Ferreño, ideó la denominada Delegación de Información de Residentes en Madrid (DIDREM)”.

Director General del Banco de Crédito Local de 1938 a 1968. Este organismo oficial facilitaba cos seus créditos a realización de obras por parte dos concellos e por iso era considerado como un “benefactor”, merecedor de distincións honoríficas.

Cando fracasan as subscricións populares, promovidas pola Junta Pro Pazo del Caudillo, para pagar o elevado custo da compra do pazo de Meirás, o Banco de Crédito Local que dirixe Fariña Ferreño concede un crédito de 500.000 pesetas para financiar a compra e as reformas necesarias no pazo de Meirás.

Tiña amizade con Jacobo Rey Daviña, alcalde franquista de Vilagarcía de Arousa, como recollía o xornalista Couselo nunha entrevista: “Don Jacobo habla con admiración de don José Fariña Ferreño, director del Banco de Crédito Local: Es un gran amigo mío. Y es un gran amigo de Vilagarcía. Ahora le van a rendir un homenaje en Madrid. Pienso ir de tren a tren” (*El Correo Gallego*, 1969).

Os “servizos” de Fariña Ferreño a prol da ditadura foron recoñecidos e o 1 de abril de 1944 recibía de José Luís Arrese, secretario xeral de Falange Española, a Encomenda con Placa da Orde de Cisneros, unha distinción que se concede para premiar os destacados servizos de quen demostraron un alto espírito de entrega nas tarefas de engrandecemento da Patria. A rúa e travesía José Luís Arrese en Madrid foi eliminada e agora é rúa Poeta Blas de Otero.

Eses “servizos” de Fariña tamén foron recoñecidos en Cádiz, inaugurándose nesta cidade en 1959 o grupo de vivendas Fariña Ferreño; e en 1969 era distinguido como Fillo Adoptivo de Cádiz. Co novo goberno municipal, a Xunta de Goberno Local de Cádiz aprobaba en xullo de 2018 a retirada da placa dese grupo de vivendas.

**Francisco Núñez Rodríguez.** Fillo Predilecto (28-11-1968).

Nado en Ferrol (16-4-1902) e falecido en Madrid (23-1-1972). Foi un dos principais promotores da sublevación en Ferrol o 18 de xullo de 1936 contra o goberno da República. Capitán de Navío desde 1950. Gobernador de Guinea Ecuatorial (1962-1963). Xefe de Estado Maior do Departamento de Cartaxena. Almirante da Armada dende febreiro de 1966. Capitán Xeneral de Ferrol até abril de 1968.

**Enrique Salgado Torres.** Fillo Predilecto (30-7-1970) e Medalla de Ouro (1963).

Enrique Salgado Torres, profesor mercantil pola Escola de Comercio da Coruña, era membro da Falanxe coruñesa antes de 1936 e alistouse como voluntario no exército sublevado. Xuntamente cos seus irmáns, participa en “las primeras labores de depuración política” despois do triunfo dos sublevados o 18 de xullo de 1936, como recolle Carlos Fernández no seu libro *El alzamiento de 1936 en Galicia*. Ascende a Capitán de Complemento de Artillaría por Orde do 21-1-1939, despois de realizar un curso en Segovia.

Figura como procurador nas Cortes franquistas, xuntamente co seu irmán Rafael e outros falanxistas como Manuel Fraga Iribarne, na “Estructura y miembros del IX Consejo Nacional de Falange Española Tradicionalista y de las JONS”, constituído o 20 de maio de 1961, por decreto do “Mando Nacional del Movimiento” do 13-5-1961.

Rematada a Guerra Civil, foi delegado provincial e conselleiro nacional do Sindicato Español Universitario (SEU) de Falanxe, tesoureiro xeral do Movemento e director xeral de Xestión e Financiamento da Seguridade Social. Delegado provincial de Sindicatos, director xeral da Vivenda e despois director do Instituto Nacional da Vivenda e xefe nacional da “Obra Sindical del Hogar y de Arquitectura” en 1962.

Como noutros casos, a súa biografía foi convenientemente “branqueada”. Desaparece a súa militancia fascista, a actividade represora e a folla de servizos á ditadura, que é substituída pola súa actividade a prol da construción de vivendas e desenvolvemento urbanístico. Así, unha reportaxe de Carlos Fernández recollía: “Siendo director general de Vivienda (años 60), fue el máximo impulsor del desarrollo urbanístico de A Coruña y que, según el alcalde socialista Francisco Vázquez, fue el mejor alcalde que tuvo la ciudad, sin que nunca hubiese ejercido como tal” (*La Voz de Galicia*, 22-2-2009).

O Pleno de Ferrol, coa alcaldía do PSOE, cambiou en 1981 a rúa Salgado Torres por Alcalde Quintanilla Martínez, alcalde socialista fusilado polo franquismo en 1936.

**Evaristo Martín Freire.** Medalla de Ouro (26-3-1966).

Nado en Piedrabuena-Cidade Real (29-6-1904) e falecido en Madrid (17-8-1972). Gran propietario agrícola e gandeiro. En 1931 militaba no Partido Agrario Español, integrado despois na CEDA.

En xullo de 1936 participa como voluntario no exército de Franco, chegando á graduación de capitán. Cando acaba a Guerra Civil é xefe comarcal de Cidade Real de Falange Española, de febreiro de 1940 a xullo de 1941. Presidente da Deputación de Cidade Real (1943-1951) e procurador das Cortes franquistas. Gobernador Civil de As Palmas e de Alacante; Gobernador Civil da Coruña (1958-1966). Desde 1966 traballa con Manuel Fraga no Ministerio de Información e Turismo.

**Pedro Barrié de la Maza.** Medalla de Ouro (17-5-1971).

Os tempos son chegados para baixar os “santos” (Barrié, Alfonso Molina, Sergio Peñamaría, etc) dos altares onde estiveron “venerados” durante máis de corenta anos. Xa coñecemos a historia oficial, agora hai que difundir a biografía silenciada.

Pedro Barrié de la Maza (1888-1971), franquista, empresario e banqueiro, tivo un papel destacado no financiamento e apoio ao exército de Franco cando dá un golpe de Estado o 18 de xullo de 1936 contra a Constitución, contra a democracia e contra o goberno lexítimo da República, que trouxo unha ditadura criminal. Crea en 1943 a empresa eléctrica Fuerzas Eléctricas del Noroeste S.A. (FENOSA), resultado da fusión de Fábrica de Gas y Electricidad con Electra Popular Coruñesa; esta última foi expropiada a prezo de saldo despois do asasinato polo franquismo do seu dono, José Miñones, avogado, empresario e deputado republicano, que foi fusilado polo franquismo o 2 de decembro de 1936. En 1939 Barrié pasaba a presidir o Banco Pastor, despois do falecemento de Ricardo Rodríguez Pastor. Foi presidente, entre outras moitas empresas, de Astilleros y Talleres del Noroeste S.A. (ASTANO) e tamén presidente da Xunta de Obras do Porto da Coruña de 1944 a 1971.

Os medios de comunicación recollían as relacións de persoas que facían entrega de víveres para o Exército de Franco, así como diñeiro en metálico, doazóns en ouro e xoias, etc. Dentro das chamadas “Campañas Patrióticas” de apoio aos sublevados, Pedro Barrié aparecía destacado con esta doazón: “6.100 latas de conservas; 15.000 pastillas de jabón *La Toja*; 240 kilos de jabón especialmente elaborado para la tropa; 1.000 botellas de agua de *Mondariz*” (Carlos Fernández no seu libro *El Alzamiento Nacional de 1936 en Galicia*).

A través do Banco Pastor, este banqueiro estivo implicado en todo tipo de campañas de axuda ao exército sublevado, así como de apoio ao réxime fascista, sendo recoñecida a súa colaboración até polos mesmos falanxistas. Así, o 28 de xaneiro de 1939, o xornal *Azul*, órgano de Falange Española y de las JONS, difundía esta noticia: “Reina extraordinario entusiasmo para ayudar a nuestros hermanos liberados en Barcelona. En el Gobierno Civil se están recibiendo cuantiosos donativos en metálico y en especies, destacándose el de la Banca Pastor, que ha hecho entrega de 25.000 pesetas” (campaña *Auxilio a Poblaciones Liberadas*).

Barrié tivo durante anos unha estreita relación e amizade persoal con Franco, participando nas recepcións a Franco no Pazo de Meirás e nas audiencias que o ditador concedía. Acompañábo nas visitas ao Club Náutico da Coruña, do que era Presidente, e navegaba co ditador no iate Azor.

O banqueiro lembraba moitos anos de amizade nunha carta que remite a Franco en 1970 para pedirle mediación perante o Ministerio de Facenda en relación cunhas dificultades que estaba a atravesar a empresa ASTANO. Despedíase agardando que “como todos los años, si usted me lo permite, pueda visitarlo este verano en el Pazo de Meirás. Recordaremos nuestros muchos años de amistad y podré reiterarle mi inquebrantable lealtad y afecto”. Lealdade ao franquismo que mantivo até o seu falecemento o 14 de marzo de 1971.

Esa estreita amizade co ditador concretouse na concesión de todo tipo de favores e distincións. Foi procurador nas Cortes franquistas durante oito lexislaturas (1946-1971), recibindo de Franco numerosas condecoracións, entre outras: Gran Cruz de la Orden de Isabel la Católica (1946), Medalla al Mérito en el Trabajo (1949), Gran Cruz de la Beneficencia (1966), con motivo da creación da Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Ademais, Franco premiaba a Barrié co orixinal título nobiliario de Conde de Fuerzas Eléctricas del Noroeste S.A. (FENOSA), BOE nº 288, 15-10-1955, polas súas “acciones nobles”, é dicir, os seus servizos á ditadura: “Siendo los títulos nobiliarios la mejor manera de mantener vivo el recuerdo de las acciones nobles, de premiar a quien las realiza y de expresar la gratitud a quien la merece, don Pedro Barrié de la Maza, por su inteligente laboriosidad, su constante iniciativa creadora, impregnada de sentido cristiano, se ha hecho digno del reconocimiento nacional”.

Xunto con Julio Muñoz Rodríguez de Aguilar, Gobernador Civil da Coruña, e outros significados franquistas, como Alfonso Molina, promoven a *Junta pro Pazo del Caudillo* para a adquisición do pazo de Meirás por “suscripción popular”. A acta notarial da venda foi asinada no despacho do citado gobernador; este documento apareceu na parte traseira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña e demostra que o pazo de Meirás foi adquirido o 3 de agosto de 1938 pola Junta Pro Pazo del Caudillo por 450.000 pesetas e entregado ao ditador como Xefe de Estado o 5 de decembro de 1938.

Unha escritura datada en Madrid o 24 de maio de 1941 recollía un contrato de compravenda por 85.000 pesetas entre Franco, que estaba representando por Barrié de la Maza, e Manuela Esteban-Collantes, viúva do fillo de Emilia Pardo Bazán. Para a Avogacía do Estado tratábase dun “negocio simulado”, “acordo fraudulento”, unha “falsidade en documento público” e por iso o 10 de xullo de 2019 o Goberno reclamaba xudicialmente a devolución do pazo de Meirás, presentando unha demanda diante do Xulgado de Primeira Instancia nº 1 da Coruña.

Cando roubaron as casas e terras de campesiños para ampliar a extensión do pazo de Meirás, os propietarios eran citados na sede coruñesa do Banco Pastor para asinar os documentos de “cesión” das súas propiedades (*Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, de Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo. *Fundación Galiza Sempre*, 2017).

Recibía o título de Conde de Fenosa o 1 de outubro de 1955 polos seus servizos á ditadura e á familia Franco. Crea a Fundación Pedro Barrié de la Maza o 5 de novembro de 1966, que participa no financiamento da construción das Escolas de Arquitectura Superior e Arquitectura Técnica da Coruña, actividades culturais e becas para estudantes.

Por outra parte, Barrié foi unha peza clave do quebracabezas para que a Casa Cornide, na Cidade Vella da Coruña, que era parte do patrimonio público, acabase finalmente como propiedade de Carmen Polo, esposa de Franco.

Na poxa, amañada, celebrada o 2 de agosto de 1962 só participaron o falanxista José Luís Amor Fernández, subxefe do Movemento, e Pedro Barrié de la Mazá, que se fai coa propiedade do edificio por 305.000 pesetas. O día anterior, o secretario de Franco Ricardo Catoira Garaboa, adiantaba o éxito da operación en carta dirixida a Juan Sánchez-Cortés, Subsecretario de Facenda: “Tengo el gusto de comunicarte que hoy por fin ha terminado el plazo para la subasta de la célebre casa que tanto deseaba Su Excelencia. Hoy también se reúne el Pleno para adjudicarla a un particular y este venderla a la Señora. Así se lo hemos explicado a Su Excelencia por ser la mejor fórmula y que de esta forma no se hace una adjudicación directa de bienes que fueron del Estado al propio Caudillo”. A operación foi un éxito: “Un inmueble do Estado adquirido polo Concello mediante permuta para, inmediatamente, adxudicalo a un particular [Pedro Barrié de la Maza] en poxa e que este lle transmitise a propiedade á dona do Xefe do Estado”, como se recolle no citado libro sobre Meirás. Por outra parte e durante os anos 1963 e 1964 o concello da Coruña pagou 1,2 millóns de pesetas, é dicir diñeiro público, por reformas na Casa Cornide, que xa era unha propiedade privada.

As persoas con militancia fascista ou próxima ao poder franquista tiveron todo tipo de facilidades para enriquecerse despois do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Un dos métodos utilizados foi a ocupación de espazo público para negocios privados. Así, Armando Casteleiro Varela conseguía “autorización para ocupar una parcela destinada a construir una piscina. Gimnasio y locales anejos para servicios de la misma en la playa de El Parrote, de la bahía de La Coruña” (BOE nº 35, 4-2-1941), coñecida como *La Solana*. O mesmo que o seu irmán (José Casteleiro Varela) era membro da milicia *Caballeros de La Coruña*, que tiveron un importante protagonismo na represión despois do golpe de Estado de 1936.

José Casteleiro, que era concelleiro, era unha persoa influínte na corporación municipal e facilitou que o seu irmán conseguise esa concesión. Toma posesión como membro da Comisión Xestora do Concello da Coruña o 18 de agosto de 1938, cando é nomeado alcalde Fernando Álvarez-Sotomayor y Zaragoza. Nesta Xestora xa estaban significados franquistas que van marcar a vida municipal e política nos próximos anos, entre outros: José Pérez Ardá y López Valdivieso, Eduardo Sanjurjo de Carricarte, Diego Delicado Marañón e Alfonso Molina Brandao.

En 1945 tamén conseguiu autorización para a construción dun hotel anexo a este complexo (Hotel Finisterre): “Autorización a don Armando Casteleiro Varela para ocupar una parcela en la zona marítima-terrestre de la playa del Parrote de la bahía de La Coruña para construcción de un hotel” (BOE nº 72, 13-3-1945).

Emilio Rey Romero conseguía en 1944 a concesión dunha parcela, propiedade pública, que estivo dedicada a Aduana até o seu traslado, para a construción dun hotel cun teatro anexo (Hotel Embajador, na actualidade sede da Deputación Provincial da Coruña e Tetro Colón): “Autorización a don Emilio Rey Romero para ocupar una parcela en la zona de servicio del Puerto de La Coruña, son destino a la construcción de un hotel con teatro accesorio” (BOE nº 312, 7-11-1944).

En todos estes negocios intégrase Pedro Barrié de la Maza a partir de 1945, como recolle o profesor Joan Carmona Badía, catedrático de Historia das Institucións Económicas da Universidade de Santiago,: “Dentro das actividades relacionadas coa hostalaría e a construción nas que participa Barrié destaca a creación de Finisterre S.A., unha empresa constituída na Coruña en agosto de 1945, na que Industrias Gallegas entraría da man dos promotores Emilio Romero (SAINGA) e Armando

Casteleiro Varela, que eran concesionarios de autorizacións para edificar os hoteis Embajador e Finisterre, así como La Solana”.

O franquismo era, teoricamente, neutral antes do comezo da II Guerra Mundial, mais Galiza serviu de base de submarinos, aeronaves e bases de comunicación ao servizo do exército de Hitler. Tamén foi fundamental no subministro de materias primas, que eran decisivas para incrementar a capacidade militar do nazismo. O volframio era un mineral imprescindible para o endurecemento da blindaxe dos acoirazados e para aumentar a capacidade destrutiva dos seus proxectís. Franco estaba en débeda con Hitler polo apoio nazi na Guerra Civil, así que deu todo tipo de facilidades para a exportación deste mineral desde Galiza porque tiña importantes xacementos. Segundo Joán Carmona, “en ningún outro sector económico tivo Galiza tanta importancia no escenario mundial”.

Despois de chegar á presidencia do Banco Pastor, unha das primeiras medidas que tomou Barrié de la Maza foi mercar en 1941 as minas de volframio de San Finx, na parroquia de Vilacoba (Lousame) a través de Industrias Gallegas S.A. A exportación de volframio foi un dos negocios de Barrié que lle permitiu destinar ese diñeiro para o enriquecemento do Banco Pastor e facilitar a creación de todo un emporio empresarial.

“O empresariado galego considerou a Guerra Civil como unha conxuntura excepcional, que aproveitaron para facer negocios de acordo coas necesidades do momento”. Esta é unha das conclusións de Margarita Vila e Elvira Lindoso da UDC no seu traballo *El negocio de la Guerra Civil en Galicia, 1936-1939. El papel estratégico de la economía gallega durante la Guerra Civil: financiación y suministro de bienes*. Segundo este traballo, “el apoyo al bando vencedor de la Guerra Civil proporcionó una elevada rentabilidad al Banco Pastor en términos de un fuerte sostén político por parte del nuevo régimen”. As chamadas “doazóns patrióticas” do Banco Pastor (subscrición para Exército e Milicias, Auxilios á Poboación Liberada, Subsidio Combatentes, subscrición para vestiario do Exército, subscrición para avións e armamento, etc.) acadaron 454.888 pesetas no período 1936-1939.

Segundo o traballo citado de Vila e Lindoso: *Una de las aportaciones más interesantes de los grupos empresariales a la causa nacional fue la Contribución de beneficios extraordinarios de la guerra. Este impuesto directo fue creado por Ley de 5 de enero de 1939, pero aplicado con carácter retroactivo desde el 18 de julio de 1936. Señalaba como sujetos pasivos a las “personas naturales y jurídicas, nacionales o extranjeras, que realizasen cualquier clase de negocios mercantiles e industriales”*. Se consideraban beneficios extraordinarios los que excedían del promedio de ganancias obtenidas durante el trienio previo al estallido de la guerra (1933-1935). Como compensación polo apoio de Pedro Barrié de la Maza ao Exército de Franco e á ditadura, o Banco Pastor estaba á cabeza dos principais contribuíntes por beneficios extraordinarios na provincia da Coruña (1940-1943).

Cumpríase así o que dicía Franco: “Nuestra Cruzada es la única lucha en la que los ricos que fueron a la guerra salieron más ricos” (discurso en Lugo o 21 de agosto de 1942). Como sinala o historiador Julian Vadillo (*Los tentáculos de la dictadura: un gran negocio llamado franquismo; diagonal.net*, 19-11-2015): “Grandes familias de este país medraron a la sombra del dictador. Pero no sólo se benefició a esas familias. El propio Franco hizo su fortuna a partir del golpe de Estado contra la República. El franquismo no sólo fue una maquinaria represiva sino también una gran empresa y un negocio que, en la actualidad, sigue reportando beneficios”.

Independentemente dunha investigación máis ampla sobre as actividades políticas –apoio ao exército de Franco e á ditadura, implicación no roubo do Pazo de Meirás e Casa Cornide, etc– e sobre as súas actividades económicas e a depuración dos traballadores do Banco Pastor despois do trunfo dos sublevado en 1936, Pedro Barrié de la Maza, como significado franquista e colaborador da ditadura, non merece as honras e distincións concedidas pola Deputación provincial da Coruña, e outros concellos e institucións de Galiza. Estamos ante unha anomalía, unha situación excepcional, que non se pode manter nunha democracia consolidada como a nosa. Hai algún concello ou institución en Alemaña ou Italia que manteña rúas, honras e distincións a empresarios que colaboraron estreitamente cos réximes fascistas de Hitler e Mussolini?

**Javier Pardo Bedía.** Medalla de Prata (12-7-1969).

Nado en Santiago en 1903 e falecido na Coruña o 3 de xullo de 1969. Óptico, xornalista, escritor. Ingresou en 1924 no Seminario de Estudos Galegos. Concelleiro da Coruña e Tenente Alcalde na ditadura, deputado provincial (1964), vicepresidente da Deputación da Coruña. Recibe a Medalla de Prata da provincia a título póstumo.

Foi Presidente do Consello de Empresarios da Coruña e da Xunta Nacional de Ópticos, ademais de Vogal Nacional do Sindicato da Construción, Vidro e Cerámica. Polos seus servizos ao Sindicato Vertical franquista recibiu a título póstumo a distinción ao Mérito Sindical de 1ª Categoría, que premiaba “la dedicación activa, la ejemplaridad, la constancia y el desinterés de quienes se han entregado al desarrollo y el engrandecimiento del Sindicalismo Español”. A Resolución do 24 de marzo de 1970, asinada por Enrique García Ramal, ministro Delegado Nacional de Sindicatos, e publicada no Boletín da Organización sindical de 7 de abril de 1970, que concedía esta distinción, sinalaba que Javier Pardo Bedía “acreditó siempre, a juicio de todos, con el mejor espíritu sindical, su lealtad y entrega en el trabajo emprendido desinteresadamente al servicio de los demás”.

Entra na corporación municipal da Coruña polo “tercio representativo de entidades económicas, culturales y profesionales” e toma posesión no pleno extraordinario de 2 de febreiro do 1958, sendo alcalde Alfonso Molina. Presta xuramento coa fórmula: “Juro Servir fielmente a España. Guardar lealtad al Jefe del Estado” (acta da sesión).

<https://loquesomos.org/tag/manuel-monge/>

